



Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa
REDE DE CONSERVATORIOS DE MÚSICA E DANZA DE GALICIA

MD85PRO01

Programación de VIOLA

Modelo. Programación. MD85PRO01. 01/09/2017. 1



curso 2019/2020





Índice

1.	Introdución.....	3
1.	Metodoloxía.....	6
2.	Atención á diversidade.....	7
3.	Temas transversais.....	13
	3.1 Educación en valores.....	13
	3.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC´s).....	15
4.	Actividades culturais e de promoción das ensinanzas.....	16
5.	Secuenciación do curso.....	20
	5.1 Curso: 1º de Grao elemental.....	20
	5.2 Curso: 2º de grao elemental.....	31
	5.3 Curso: 3º de grao elemental.....	43
	5.4 Curso: 4º de grao elemental.....	53
	5.5 Curso: 1º de grao profesional.....	64
	5.6 Curso: 2º de grao profesional.....	74
	5.7 Curso: 3º de grao profesional.....	85
	5.8 Curso: 4º de grao profesional.....	96
	5.9 Curso: 5º de grao profesional.....	107
	5.10 Curso: 6º de grao profesional.....	118
6.	Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica.....	131
7.	Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento.....	131
8.	ANEXOS.....	132
	8.1 Probas de acceso 1º de grao profesional.....	132
	8.2 Probas de acceso a 2º, 3º e 4º cursos de grao elemental.....	133
	8.3 Probas de acceso a 2º, 3º, 4º, 5º e 6º cursos de grao profesional.....	134
	8.4 Criterios para a obtención dos premios fin de grao.....	137





1. Introducción

A presente programación pretende establecer unha proposta de desenvolvemento curricular para a materia de viola que conforman tanto os catro cursos do grao elemental como os seis do grao profesional das novas ensinanzas de réxime especial de música . Debe ser entendida como unha guía, unha orientación e un modelo a seguir que respecte a actual normativa vixente, que pretende avanzar cara a unha estrutura máis aberta e flexible, perseguindo un ensino integrador e proporcionando ao alumnado as ferramentas que lle permitan desenvolver ao máximo o seu potencial como futuros intérpretes. Ao mesmo tempo debe prestar especial atención á diversidade do alumnado e permitir ao profesorado aplicar a súa metodoloxía respectando tanto a liberdade de cátedra de cada profesor como o dereito dos alumnos a acadar o máximo nivel artístico posible baseado no esforzo persoal e no desenvolvemento da súa capacidade de expresión.

– Marco Legal

Para a elaboración desta programación didáctica tivéronse en conta os seguintes documentos legais, clasificados atendendo á súa data de publicación, de menor a maior antigüidade:

- ORDE do 29 de setembro de 2015 pola que se convocan os premios extraordinarios nas ensinanzas artísticas profesionais nas modalidades de música, danza e de artes plásticas e deseño na Comunidade Autónoma de Galicia, correspondentes ao curso 2014/15. DOG do 6 de outubro de 2015.
- DECRETO 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. DOG 21 de decembro de 2011.
- CIRCULAR 15/2011 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se ditan instrucións para determinados aspectos do funcionamento dos conservatorios elementais e profesionais de música e danza.
- ORDE do 4 de agosto de 2011 pola que se desenvolve o Decreto 223/2010, do 30 de decembro, polo que se establece o Regulamento Orgánico dos conservatorios elementais e profesionais de música e de danza da Comunidade Autónoma de Galicia. DOG do 18 de agosto de 2011.
- DECRETO 223/2010, do 30 de decembro, polo que se establece o Regulamento orgánico dos conservatorios elementais e profesionais de música e de danza da Comunidade Autónoma de Galicia. DOG do 19 de xaneiro de 2011.
- ORDE do 28 de xullo de 2008, pola que se regulan as probas de acceso ás ensinanzas profesionais de música dispostas no Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música. DOG do 18 de agosto de 2008.





- ORDE do 8 de febreiro de 2008, pola que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas profesionais de música que se establecen na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. DOG do 26 de febreiro de 2008.
- DECRETO 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música. DOG do 31 de outubro de 2007.
- CIRCULAR 9/2007 da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, pola que se ditan instrucións sobre o desenvolvemento das ensinanzas elementais e profesionais de música establecidas na Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.

- Características do centro

A cidade de Santiago de Compostela, na que se sitúa este conservatorio conta na actualidade no seu ámbito musical con unha Orquestra Sinfónica profesional, a Real Filarmonía de Galicia, con un nivel moi alto e unha programación estable coa súa sé no Auditorio de Galicia, unha sala de concertos que atrae actuacións de gran calidade ao longo do ano e que fai que a cidade conte con unha programación musical estable. Conta tamén con unha Banda de Música Profesional, A Banda de Música Municipal de Santiago de Compostela, e outras agrupacións non profesionais como o Orfeón Terra Nosa, a Orquestra da USC, etc.

O Conservatorio Profesional de Música de Santiago de Compostela atópase situado ao norte da cidade e foi construído no ano 2004. É polo tanto un edificio de nova creación, arquitectonicamente moi vistoso, e con moita luz pero moi reducido para a demanda existente neste momento. Depende organicamente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia e nel impártense as materias de grao elemental e profesional que están reguladas nos Decretos 198/2007 e 203/2007 polos que se establece a ordenación dos respectivos graos das ensinanzas de réxime especial de música.



- Características do alumnado

O conservatorio conta cunha media de 500 alumnos/as. Nel conviven alumnos de características socioculturais e socioeconómicas moi distintas, temos por un lado o alumnado maioritariamente da cidade e do contorno mais próximo con un nivel sociocultural e económico moi variado que buscan no conservatorio unha formación musical complementaria aos seus estudos xerais. Por outro lado temos alumnado dun contorno mais afastado, procedente de escolas de música de lugares como Arca, Valga, Silleda, Vedra, Teo, Rianxo, etc., con unhas inxerencias distintas e moitas veces con un interese por completar os estudos profesionais e seguir cos estudos superiores de música, e nalgúns casos con un esforzo moito maior en canto a desprazamento. Aínda existe unha variable mais, Santiago de Compostela conta con un campus universitario que atrae alumnado procedente de outros conservatorios





de Galicia que queren compatibilizar os seus estudos universitarios coa finalización dos estudos profesionais de música no Centro.

Todo isto da lugar a unha grande heteroxeneidade no alumnado en canto a dedicación, constancia no estudo, grao de implicación, etc., aspectos a ter en conta na organización do centro e na elaboración das programacións didácticas.

1. Metodoloxía

No Grao Elemental distribuirase o tempo nunha clase individual (que poderá ser de 1 h. de duración ou de 2 clases de media hora) e outra colectiva á semana de carácter voluntario.

Os métodos de iniciación serán axeitados á idade dos alumnos. Para os mais pequenos utilizaranse métodos pedagóxicos como os de Paul Rolland, Shinichi Suzuki, Sheila Nelson e outros autores especializados no nivel de iniciación.

A motivación nestes niveis será un elemento fundamental para estimular ó alumno ó estudio do instrumento, procurando conseguir unha técnica básica baseada na naturalidade do movemento e o equilibrio corporal .

As clases individuais aproveitaranse para progresar no estudio do programa do curso e para adquirir novos coñecementos técnicos e musicais, e as clases colectivas poden usarse en múltiples actividades como tocar en grupo, aprender novos procedementos técnicos, afinación, improvisación e memorización, así como escoitar música, comparar versións diferentes, coñecer estilos, compositores e intérpretes, facer pequenas audicións, etc.

Dentro do programa do curso estará previsto realizar audicións individuais e colectivas e concertos públicos, incluíndo tamén a participación en grupos xunto a outros instrumentos.

No Grao Profesional, a clase colectiva desaparece véndose substituída pola clase de Conxunto. Procurarase crear grupos de cámara que permitan ós alumnos coñecer pouco a pouco este tipo de repertorio.

Os métodos de estudio e a metodoloxía de ensino serán acordes co nivel de madurez do alumno, adaptarse continuamente ó seu progreso. Afondarase no nivel de corrección técnica mediante estudos e exercicios (Kayser, Wolfahrt, Kreutzer, Sevcik, Schradieck, etc.), e no nivel expresivo, na sonoridade, na afinación e o coñecemento do estilo, con obras de envergadura e interese crecente.

2. Atención á diversidade

Atención ás necesidades educativas específicas:





O tema das necesidades educativas especiais ou específicas é un ámbito difícil de abordar no ensino dos conservatorios. Debido ao carácter voluntario de este tipo de especialidades para os alumnos e ao seu carácter orientado cara a profesionalización, a atención aos alumnos con necesidades especiais ou dificultades de aprendizaxe queda un tanto condicionada. É importante aclarar que segundo a lexislación educativa galega, cada alumno é diferente e precisa dunha atención individualizada, e por iso non podemos pretender que todos aprendan igual, polo que é necesario facer uso dunha diversificación metodolóxica. Sen embargo, se facemos unha aproximación máis concreta ao concepto, hai alumnos que requiren unha atención máis específica ou especializada para lograr os mesmos obxectivos que os demais. Trátase de aqueles que por diferentes razóns, temporalmente ou de maneira permanente, non están en condicións de evolucionar cara á autonomía persoal e á integración social cos medios dos que dispoñemos habitualmente e que “requiren determinados apoios e atencións educativas específicas derivadas de discapacidade ou trastornos graves de conducta “(LOE, artigo 73, sección primeira, título II).

Así mesmo a LOE no Capítulo dedicado á equidade na educación (Título II, Capítulo I ,Artigo71), refírese a este tipo de alumnos, e enuméranse unha serie de principios relacionados co tema:

1. As administracións educativas disporán os medios necesarios para que todo o alumnado alcance o máximo desenvolvemento persoal, intelectual, social e emocional, así como os obxectivos establecidos con carácter xeral nesta lei.
2. Correspóndelles ás administracións educativas asegurar os recursos necesarios para que os alumnos e alumnas que requiran unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentaren necesidades educativas especiais, por dificultades específicas de aprendizaxe, polas súas altas capacidades intelectuais, por térense incorporado tarde ao sistema educativo, ou por condicións persoais ou de historia escolar, poidan alcanzar o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades persoais e, en todo caso, os obxectivos establecidos con carácter xeral para todo o alumnado.
3. As administracións educativas establecerán os procedementos e recursos precisos para identificar de forma temperá as necesidades educativas específicas dos alumnos e alumnas a que se refire o punto anterior. A atención integral ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo iniciárase desde o mesmo momento en que esa necesidade sexa identificada e rexerese polos principios de normalización e inclusión.
4. Correspóndelles ás administracións educativas garantir a escolarización, regular e asegurar a participación dos pais ou titores nas decisións que afecten a escolarización e os procesos educativos deste alumnado.

Realizar unha clasificación das necesidades educativas especiais é moi complexo debido á amplitude do ámbito que queremos delimitar. Unha posible clasificación sería a que se centra nas causas de esas necesidades e na súa localización:

-Dificultades de aprendizaxe (dislexias, displalias)





- Dificultades de adaptación social (debidos a inmigración, diferenzas sociais, culturais ou a problemas económicos)
- Dificultades debidas a desordes de personalidade (algún tipo de trastorno mental tratable como a esquizofrenia)
- Dificultades debidas a una deficiencia física (minusvalías físicas)
- Deficiencias debidas un déficit ou superdotación intelectual.

En canto á viola e á súa relación coas necesidades específicas, é evidente que no noso exercicio diario como profesores deberemos adaptarnos ás condicións específicas de cada alumno có fin de dar unha resposta educativa máis adecuada ás súas necesidades. Por esta razón, as Unidades Didácticas previstas poderán adaptarse ás situacións concretas segundo o consideremos oportuno. Do mesmo xeito podería ser necesario retomar ou prolongar o traballo dalgún aspecto determinado: O profesor terá a oportunidade de deseñar as súas propias actividades, modificándoas ata a súa correcta asimilación ou ven desenvolver outras novas en función da necesaria adaptación ó alumnado ó que se dirixe en concreto.

Un elemento fundamental na determinación e na orientación das medidas de adaptación reside na acción tutorial., unha ferramenta fundamental de coñecimento dos alumnos, coa que poderemos obter información determinante sobre os seus problemas , xa sexa a través dos pais ou dos nosos compañeiros de claustro. A solución de moitos dos problemas musicais deben ser abordados en colaboración con outros profesores implicados na súa formación polo que é necesario manter unha comunicación constante cos nosos colegas e buscar solucións conxuntamente. De este xeito tamén poden obterse datos relevantes que permitan reorientar a actividade formativa e practica-las adaptacións que sexan necesarias.

Atención ó alumno con rasgos de diversidade .Tipoloxía xenérica

A Programación Didáctica debe recoller medidas didácticas para atender os intereses ou aptitudes dos alumnos . Estas medidas poderanse adaptar unha vez coñecidos os alumnos ao comezo do curso. Sen embargo, podemos establecer unha tipoloxía xenérica do alumnado, atendendo a tres criterios específicos:

1°. Segundo a súa diferenza de nivel musical:

- a) Alumno avanzado: o alumno dotado dunhas capacidades por encima do previsto para o seu nivel, capaz de atopar solucións técnicas para os seus problemas có instrumento , e de progresar técnica e musicalmente a gran velocidade e que é capaz de emprender tarefas máis difíciles do común para a súa idade sen facer un gran esforzo. Neste grupo podemos atopar alumnos de alta capacidade intelectual ou superdotados, para os que se podería flexibilizar a duración das etapas da súa formación ou que poderían precisar atención diferenciada por parte das administracións educativas por medio de programas específicos.
- b) Alumno intermedio: aquel que asimila con corrección os contidos programados para o seu nivel e que supera os novos obstáculos na súa aprendizaxe real facendo o esforzo considerado normal. Este é o tipo de alumno có que nos atoparemos no conservatorio habitualmente.





c) Alumno que presenta dificultade e nivel baixo: aquel que disocia os contidos técnicos e creativos, e que asimila os contidos a un ritmo menor do previsto. Neste grupo podemos atopar alumnos con dificultades de aprendizaxe, ou que por distintas razóns se incorporaron tardiamente ó sistema educativo, debido á emigración ou problemas sociais. Tamén podemos atopar alumnos con dificultades có idioma. Todos eles poden necesitar programas específicos de axuda ou clases de reforzo, e en algúns casos atención de profesionais especializados.

2°. En función da súa diferente actitude e interés hacia os estudos e formación musical:

a) Alumno motivado: presenta unha actitude positiva cara ó aprendizaxe, non precisando dunha motivación especial para conseguir un ritmo adecuado de traballo na clase e na casa. Son alumnos que rematan ó grao elemental e acostuman a superar con éxito ó acceso ó grao profesional. A Súa paixón pola música e polo instrumento sérvelles dabondo para manter vivos o seu interese e a súa capacidade de superación.

b) Alumno con interés e actitude baixa: considera a súa asistencia ás clases como una actividade máis de tipo extraescolar. No caso de atoparse con este tipo de alumnos, que non adoitan ser infrecuentes, o profesor deberá esforzarse en cambia- la súa actitude tanto do alumno como da familia, e facerlles entender a importancia da educación musical na formación integral das persoas e facerlles ver que ó decidir aprender a tocar un instrumento adquiren un certo compromiso que deben intentar cumprir. Na maioría das ocasións esta actitude débese a unha gran falta de información e descoñecemento por parte das familias froito da pobre herdanza musical do noso país.

3° Segundo a súa necesidade de adaptación debido ás súas condicións físicas:

a) Alumnado medio: non presenta ningunha disfunción de tipo físico-psíquico.

b) Alumnado que pode presentar particularidades ou disfuncións físicas: entre os que podemos atopar alumnos con unha deficiencia física (xoradeira, visión escasa ou nula, problemas de accesibilidade á aula ou ao centro debido a algún tipo de minusvalía, etc.). Con este tipo de alumnos no só debemos ter un tacto especial e ser todo o flexibles que sexa necesario, senón que teremos que adapta o material empregado e quizais atopar axuda e información a través de profesionais especializados. Tamén deberemos intentar que non se sintan diferentes ante os seus compañeiros que adoitan comportarse con un gran respecto cando son debidamente informados.

Medidas de atención á diversidade:

A maioría das dificultades máis habituais coas que os profesores de viola se atopan teñen moito que ver con cuestións especificamente relacionadas có aprendizaxe do instrumento e con materias afíns. Para evitar males maiores no futuro é moi importante facer un diagnóstico precoz e deste xeito buscar canto antes as solucións. Algunhas das dificultades máis habituais coas que o profesor de viola pode atoparse e que necesitarán atención específica son:

a) Incapacidade para distinguir auditivamente os fenómenos sonoros. Este problema non debería en absoluto estar presente en alumnos que pretenden tocar un instrumento como a viola, pero non é infrecuente. Na maioría





dos casos non se debe a un “irremediable mal oído”, senón á falla dun bo adestramento auditivo dende unha idade temperá. Para a súa solución necesitaremos a colaboración dos profesores de linguaxe musical para que reforcen este punto débil e debemos pedir ao alumno que se afaga a cantar todo canto poida. Tamén deberemos proporcionarlle axuda para traballar na casa (existen moitos CD publicados que poden mellorar o adestramento auditivo do alumno).

b) Problemas físicos derivados dunha colocación incorrecta do instrumento ou enfermidades ocasionadas por problemas relacionados coa práctica do instrumento (tendinite, tensións posturais, etc.). Este tipo de problemas deben ser tomados moi en serio. En gran parte dos casos débense a unha mala práctica, non ao exceso dela. É importante observar con detalle ao alumno e recomendarlle un xeito adecuado de practicar e en casos extremos recomendar axuda médica. Existen estatísticas fiables que afirman que cerca dun 70% dos músicos profesionais de orquestra sofren dalgún tipo de enfermidade relacionada co seu traballo e na maioría dos casos isto débese a malos hábitos adquiridos no seu tempo de estudantes.

c) Conceptos mal asimilados que dificultan o avance do alumno: Non é infrecuente atoparse con alumnos que demostran non ter asimilado algúns dos contidos que debían aprender no pasado, sendo estes imprescindibles para seguir progresando. O máis habitual son problemas coa lectura e o ritmo ou cuestións de teoría da música que serán imprescindibles para interpretar as partituras de viola. Tamén podemos atoparnos con alumnos con problemas técnicos graves que lles impiden aprender conceptos máis avanzados. O mellor nestes casos será atallar as dificultades mediante clases de reforzo e con gran paciencia, empregar o “ensino remedial”; incluso é aconsellable durante certo tempo baixar o nivel do repertorio do alumno para non causarlle máis dano, e buscar tamén un traballo equilibrado que non mine a moral do alumno. Durante as sesións podemos encontrarnos ante a necesidade de manter un ritmo de aprendizaxe homoxéneo entre todos os alumnos dun mesmo curso, de modo que un rendemento desigual dalgún deles cree certas diferencias cos seus compañeiros, que serán máis evidentes nas audicións de alumnos e nas clases colectivas. Non por íso debemos de deixar de prestarlles atención e apoialos para que superen ás súas dificultades. Tampouco debemos deixar que un alumno destacado monopolice o noso interese e nos faga deixar de lado aos que son “máis torpes ou difíciles”. Debemos saber atopar fórmulas de adaptación, distribuír as tarefas de forma individualizada para cada alumno e tamén fomentar que os alumnos cooperen entre eles. Existen poucas cousas máis útiles que un alumno axudando a outro compañeiro con dificultades: o que a nós pode levarnos semanas eles poden resolvelo nuns días de colaboración entre amigos.

3. Temas transversais

3.1 Educación en valores

O desenvolvemento integral do alumno, que non debe estar limitado á adquisición de conceptos e coñecementos académicos vinculados exclusivamente a cada unha das súas áreas, senón que debe



formar aos alumnos para integrarse na sociedade actual, sabendo responder de maneira adecuada aos problemas que esta sociedade presenta. Esta formación, que non está definida en ningunha das áreas, debe estar presente na aula de forma permanente, e maniféstase a través do que coñecemos como temas transversais.

A forma na que entendo o tratamento destes temas transversais fica reflectida nos obxectivos seguintes:

Educación para a paz .

Entrenarse para a solución dialogada de conflitos no ámbito escolar.

Educación moral e cívica.

Participar en tarefas comúns, mostrando actitudes de colaboración e respecto polas opinións e propostas alleas.

O respecto pola autonomía dos demais.

Educación para a igualdade entre os sexos.

Desenvolver a autoestima e unha concepción do corpo como expresión da personalidade.

Analizar criticamente a realidade e corrixir prexuízos sexistas e as súas manifestacións na linguaxe, publicidade, xogos, profesións, etc.

Educación para a saúde.

Proporcionar un contexto adecuado para realizar unha valoración crítica de determinados hábitos relacionados coa saúde.

Educación para o consumidor.

Crear unha conciencia de consumidor responsábel que se sitúa criticamente ante o consumismo e a publicidade.

Desde a música, moitos destes temas poden tratarse propoñendo actividades que se desenvolvan en grupo, xa que estas favorecen a comunicación dos alumnos e fomentan actitudes de convivencia.

Ademais, na música pódense tratar contidos relacionados directamente coa saúde (O uso adecuado do corpo a hora de tocar a viola precisa dun coñecemento e coidado do mesmo, especialmente ante problemas habituais na adolescencia. Tratar temas que relacionados directamente coa paz (o coñecemento da música de outras culturas aumenta o respecto cara estas, comprendendo que o mundo non é só a música e culturas occidentais, nin as súas visións). Tratar temas relacionados con a educación para o consumidor, onde se pode analizar o mercado musical, os prezos dos cd's, o pirateo. Tratar o uso da música nas publicidades, nos grandes almacéns... e que efecto pode producir no consumidor, cara quen vai dirixido, etc.

3.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's)





As TIC enténdense como aquelas ferramentas basadas na tecnoloxía dixital que permiten almacenar, procesar, recuperar, transmitir e presentar información. Inclúen as aplicacións utilizadas polos ordenadores, tablets e teléfonos móbiles para facilitar e xestionar información (software, bases de datos, multimedia, etc.), así como as novas tecnoloxías arredor de Internet. Por outro lado, enténdese por material dixital o software, programas ou aplicacións utilizadas para facilitar e xestionar información.

Podemos identificar as seguintes utilidades do emprego das TIC no proceso de ensino na materia de viola:

Medios Audiovisuais: equipo audiovisual da Biblioteca para o visionado e análise comentada cos alumnos de vídeos de audicións e actividades do centro, concertos, documentais de interese, etc.

Medios en internet: emprego de webs como Youtube, Vimeo, etc., para visualización de vídeos e concertos de obras incluídas na programación en diferentes interpretacións; utilización de webs de partituras gratuitas e libres de dereitos como Imslp.org; e utilización de programas de audio como Goeat.

Programas informáticos: de edición de partituras, como Finale, Sibelius, Encore, etc.; de audio, como Spotify.

Medios para a comunicación: a web do centro e a plataforma CentrosNet ou TokApp para comunicación á comunidade escolar e ao alumnado da materia das actividades programadas, audicións, eventos, boletíns de notas, faltas de asistencia, etc.; o emprego do correo electrónico para a comunicacións e organización entre o profesorado da materia.

Segundo está recollido no NOF, non se permite o uso de teléfonos móbiles, así coma calquer outro dispositivo electrónico equiparable, dentro das aulas, agás nos casos en que o profesor ou profesora o autorice, sempre con fins didácticos.

Asemade, o profesorado poderá empregar e autorizar ao alumnado o uso co móbil ou tablet de programas ou aplicacións informáticas tales como metrónomos, afinadores, ou similares.

Finalmente, o profesorado poderá empregar, sempre dacordo co alumnado e os seus pais/nais/titores legais, o teléfono móbil ou tablet para a grabación de resúmenes da clase, exercicios e pasaxes de repertorio, e indicacións para a práctica semanal. Estas grabacións serán de uso exclusivo entre o profesorado, e o alumnado e os seus pais/nais/titores legais.





4. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas

Unha actividade pedagóxica moderna non pode quedar reducida ó ámbito da aula, aínda sendo este o espazo central do proceso educativo. Este traballo pode verse complementado por outras tarefas realizadas noutros espazos do propio centro (auditorio, biblioteca, aulas de audiovisuais ou de informática) ou doutras entidades colaboradoras.

Estas actividades están orientadas a superar o marco tradicional das clases de viola, complementándoas con actividades o máis variadas posibles que poñan en contacto os nosos alumnos coa realidade musical nun senso máis amplo, permitíndolles conectar esta realidade coa sociedade e a cultura do noso tempo.

Para que estas actividades teñan o máximo proveito, deben relacionarse có proceso xeneral de aprendizaxe e resposta a unha adecuada planificación.

Clasificación da actividades:

Organizadas pola Aula de viola

Audicións de alumnos da especialidade seguidas de comentarios colectivos de profesores e alumnos sobre as mesmas. O enfoque será constructivo e valorarase o erro como ferramenta de mellora. Fomentarase a escoita consciente e crítica dos compañeiros e a autoanálise.

Asistencia ó aula de audiovisuais con grupos de alumnos para ver vídeos dos grandes intérpretes da historia da viola e do violín dos que existen publicados en formatos modernos. Ao rematar haberá una charla coloquio sobre as impresións dos alumnos na experiencia, sobre as súas técnicas instrumentais o sobre as súas personalidades interpretativas.

Celebración de conferencias sobre os grandes violas da historia ou compositores que aportaran as súas creacións ó repertorio violístico tanto do pasado como do presente. Estas poden ser a cargo de profesores ou incluso de alumnos que estean interesados en asumir esa responsabilidade.

Reunións informais entre os profesores do seminario de corda, máis alá das habituais para intercambiar ideas pedagóxicas, dúbidas sobre alumnos problemáticos ou intercambio de materiais e deste xeito colaborar en equipo para logra- la solución dos problemas dos alumnos.

Organización de cursiños de viola con profesores de recoñecido prestixio, que aportarán novas ideas e poderán aconsellarnos sobre a evolución dos nosos alumnos.





Organización de charlas distendidas entre alumnos e violas profesionais en activo para que falen das súas experiencias como intérpretes o sobre o seu pasado como estudantes para que os sitúen cerca da realidade musical que nos rodea. Afortunadamente existen en Galicia dos orquestras profesionais e non será difícil conseguila aportación de músicos locais vinculados ás nosas cidades.

En colaboración con outros departamentos

Colaboración coa Orquestra do Conservatorio ou con grupos de cámara para que os nosos alumnos, aínda que non cursen esas materias, poidan ocasionalmente tocar algunha obra con eles. Este tipo de actividades son moi motivadoras para os alumnos .

Co Departamento de Fundamentos de composición. Podemos solicitar aos profesores que os seus alumnos compoñan algunha obra de nivel sinxelo para os alumnos de elemental ou para a clase colectiva. Deste xeito os alumnos de composición verán estreadas as súas obras e os de viola sentiranse entusiasmados por poder interpretar obras expresamente pensadas para eles.

- Organizadas polo Conservatorio

Exposicións.

Intercambios con outros conservatorios.

Revista e páxina web do Centro.

Participación en actos académicos (inauguración e fin de curso, Santa Icíá, etc.).

- En colaboración coa ANPA

Viaxes de estudos.

Concursos.

- Organizadas por institucións externas ó centro

Asistencia a concertos.

Asistencia a ensaios de orquestras sinfónicas ou grupos de cámara de especial relevancia.

Asistencia a conferencias de institucións que teñan unha relación transversal coa música (Facultade de Xeografía e Historia, Belas Artes, etc.).





5. Secuenciación do curso

5.1 Curso: 1º de Grao elemental

5.1.1 Obxectivos para o 1º curso de grao elemental

- Asimilar os principios elementais da colocación da viola e da toma do arco.
- Conseguir unha posición cómoda e correcta do instrumento e un equilibrio corporal nos movementos máis básicos.
- Saber distinguir as divisións básicas do arco e distribuílo de forma correcta. Coñecer o detaché, o martelé e staccato.
- Colocar correctamente a man esquerda e articular ben os dedos na 1ª posición, sendo capaces de mover a man ao longo do diapasón con liberdade como exercicio preparatorio para os futuros cambios de posición
- Facer pizzicatos coas dúas mans.
- Coñecer as escalas de Do M, Re M e Sol M nunha oitava e Do M en dúas oitavas e os seus arpejos, e tocarlas perfectamente afinadas.
- Tocar pezas sinxelas (primeiro en pizzicato e despois con arco) obtendo un son homoxéneo e controlado.
- Memorizar fragmentos e pezas simples.
- Aprender a tocar en grupo, con ritmo e afinación correctos, pezas axeitadas ao nivel.
- Coñecer as unidades elementais da viola e do arco e a súa morfoloxía.
- Coñecer os principios básicos do estudo e aplicarlos á práctica diaria.
- Iniciar a lectura na clave de Do en 3ª liña.

5.1.2 Contidos

- a Posición da viola. Fundamentos do equilibrio.
- Toma do arco. Fundamentos da condución do arco e do son en tres movementos básicos: detaché, martelé e staccato.
- Divisións elementais do arco: unidades, terzos, arco enteiro. Notas ligadas.
- Colocación da man esquerda. Fundamentos.
- Pizzicatos coas dúas mans.
- Escalas e arpejos nunha oitava ou dúas: Do M, Sol M e Re M nunha oitava, e Do M en dúas oitavas.
- Interpretación de pequenas pezas nas tonalidades citadas, con movementos básicos de arco libres de tensións, e con afinación, ritmo e calidade de son correctos.





- Clases colectivas: cómo tocar en grupo: capacidade de escoitarse e de respectarse uns a outros. Reforzamento da técnica básica por medio da práctica en grupo.
- A viola: as súas partes, o seu coidado.
- Cómo estudar: principios básicos do aproveitamento do estudio. Coñecemento xeral do instrumento e do arco: as súas partes, características acústicas e mantemento.
- Memorización de fragmentos e pezas simples.
- Iniciación á lectura na clave de Do en 3ª liña.

Temporalización e secuenciación dos contidos:

- 1º trimestre: Colocación da viola e toma do arco. Introducción á colocación da man esquerda e preparación para as escalas e arpexos nunha oitava: Re M, Sol M, en pizzicato. A viola e as súas partes, o seu coidado. Cómo estudar: principios básicos do aproveitamento do estudio.
- 2º trimestre: Divisións elementais do arco: metades, terzos, arco enteiro. Escalas e arpexos nunha oitava, Re M, Sol M e Do M. Clases colectivas: cómo tocar en grupo: capacidade de escoitarse e de respectarse uns a outros. Interpretación de pequenas pezas nas tonalidades citadas, preferiblemente de memoria
- 3º Trimestre: Interpretación de pequenas pezas nas tonalidades citadas, con movementos básicos de arco libres de tensións , e con afinación, ritmo e calidade de son correctos. Fundamentos da condución do arco e do son en tres movementos básicos: detaché, martelé e staccato. Escalas e arpexos cos golpes de arco básicos.

Preparación de exercicios para estudar no verán con unha planificación clara para que o alumno adquira bos hábitos de estudio.

5.1.3 Avaliación

Criterios de avaliación

- Coñecer de forma xeral o instrumento e o arco, as súas partes e o seu mantemento.
- Ter unha postura correcta da viola e do arco, mantendo unha posición equilibrada do corpo fronte ao instrumento, libre de tensións, que favoreza os movementos de coordinación entre ambos brazos e lle permita tocar con comodidade, seguridade e relaxación.
- Asimilar conceptos técnicos, tanto do brazo dereito (Suxeición, condución e golpes de arco), como da man esquerda (articulación)
- Distribuír axeitadamente o arco en metades (metade superior e metade inferior), centro e todo o arco, realizando diferentes ritmos en cordas ao aire e escalas dunha oitava.
- Combinar adecuadamente as arcadas detaché e legato.





- Tocar cos golpes de arco detaché, martele, legato e staccato unha peza sinxela do programa do curso ou unha escala.
- Tocar as pezas do curso (vid. Listado de pezas recomendadas para o curso) con boa afinación, distribución do arco, homoxeneidade do son e fraseo correctos.
- Interpretar fragmentos ou pezas curtas en público empregando os conceptos técnicos adquiridos, potenciando a interpretación de memoria.
- Mostrar nas clases capacidade de aprendizaxe progresiva e bos hábitos de estudo.
- Demostrar coñecementos na lectura da clave de Do en terceira.
- Asistir con regularidade á Clase Colectiva, amosando unha actitude positiva e participativa, asumindo o compromiso de traballar na casa o proposto na clase.

Mínimos esixibles

- Tres escalas e arpejos con dous patróns de colocación da man esquerda.
- Oito pezas, das cales tres deben ser interpretadas de memoria.
- Tres estudos
- Dúas audicións públicas como mínimo

Procedementos e ferramentas de avaliación

O proceso de avaliación comporta a realización de probas específicas, pero sobre todo, unha observación das actividades cotiás, que se realizan ao longo do curso para detectar problemas e establecer medidas para solucionarlos. É fundamental valorar tanto os procedementos, como as actitudes, así como o conceptos que se van adquirindo. No desenvolvemento de capacidades e habilidades musicais os procesos de precisión, calidade sonora, capacidade de comprensión formal e gusto pola interpretación ben feita van implícitas a valoración do propio traballo individual e o desenvolvemento da propia responsabilidade persoal.

Realizarase unha avaliación inicial ó principio do curso para planificar o traballo que debe realizar cada alumno. A avaliación será continua durante todo o curso, ou sexa, procesual, e haberá unha avaliación final ó termo de cada ciclo no caso do final do grao elemental e dos tres ciclos do grao medio. Ó termo do grao elemental e profesional haberá unha proba perante un tribunal que xulgue a capacidade do alumno para o acceso ó novo grao.

O procedemento de avaliación continua realizarase por un lado, nas clases semanais de aula. Para tal fin o profesorado da materia empregará unhas fichas de observación sistemática do alumno, a cal permitirá un seguimento do seu progreso e destrezas. Tamén se incluírá neste proceso as clases colectivas, audicións, concertos, e probas técnicas específicas que teñan lugar durante o curso. Para a





avaliación dos obxectivos acadados e contidos asimilados, empregarase unha ficha de avaliación do alumno. Estas fichas detállanse máis abaixo:

Haberá tamén unha coavaliación que implique a todo o grupo de alumnos entre si (clases colectivas), incluíndo a autoavaliación e a avaliación do outro, sempre dende un punto de vista construtivo.

O mesmo profesor tamén deberá realizar unha autoavaliación do seu traballo segundo os progresos que teñan os seus alumnos, e o seu grao de motivación.

O profesorado dispón dun modelo de Ficha de observación sistemática do alumno que figura no Anexo I.

Criterios de cualificación

- a) Valorarase o control da posición do instrumento.
- b) Control da afinación
- c) Control do son e das dinámicas.
- d) Control do ritmo.
- e) Control dos golpes de arco básicos.

9 - 10 Interpretación realizada con fluidez e seguridade técnica.

Atención as dinámicas e fraseo.

Control do son e da afinación.

Tempo convincente desde o punto de vista musical.

Sensibilidade para o detalle musical e o carácter da obra.

7 – 8 Interpretación realizada con seguridade técnica.

Evidencia de control do son e da afinación.

Tempo adecuado e mantido.

Utilización correcta das dinámicas e fraseo.

Capacidade de resposta ao estilo.

5 – 6 Seguridade xeral nas notas e no ritmo.

Tecnicamente axeitado.

Sentido razoable da continuidade.

Evidencia dunha coidadosa preparación.

Rápida recuperación de calquera tropezo.

4 Xusto por debaixo do nivel aceptable de precisión en xeral.

Falta de continuidade.





Pobre recuperación dos tropezos.
Errores na afinación e no ritmo.
Son pobre.
Evidencia da falta de preparación.
Limitacións no uso de recursos musicais.

2 – 3 Serias dificultades coas notas e o ritmo.
Interrupcións frecuentes.
Sería falta do control do son.
Soamente algúns pasaxes dominados.
Incapaz de continuar sen erros máis dunha parte breve
Técnicamente non axeitado.

1 Non presenta traballo algún.

Porcentaxes de cuantificación:

- 25%- Técnica da man dereita
- 25%- Técnica da man esquerda
- 25%- Interpretación
- 15%- Estudo individual correcto
- 10%- Actitude

Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

O procedemento para a solicitude e resolución de ampliación de matrícula pódese consultar nas N.O.F do Centro (dispoñibles na páxina web).

Para a concesión da ampliación de matrícula na materia de viola, o profesor/a da materia realizará unha proba consistente na interpretación dun repertorio que incluírá alo menos as obras, escalas, exercicios e ou estudos indicados nesta programación nos mínimos esixibles do curso avaliado, sendo aplicados os criterios de avaliación e cualificación indicados nesta programación para dito curso. A proba valorarase de 1 a 10 sendo a cualificación positiva a partir de 5.

5.1.4 Medidas de recuperación

Plans de traballo para a superación de materias pendentes: O profesorado valorará a idoneidade das seguintes medidas:

- Programación de tarefas de carácter individual para o reforzamento dos puntos débiles de cada alumno
- Adaptación das U. D. específicas aos requirimentos dos alumnos con problemas concretos.
- Realización de actividades complementarias de reforzo como :





- Clases de reforzo fora do horario establecido.
- Asistencia como oínte a clases de outros alumnos.
- Cambio temporal de profesor.
- Programación da practica semanal baixo supervisión do seus pais/nais ou titores/as.

Nos casos en que, de acordo co procedemento disposto nas Normas de Organización e Funcionamento vixentes, o profesorado da materia considere que non ten os datos necesarios para avaliar a algún alumno/a de xeito continuo por mor das faltas de asistencia reiteradas, convocará a dito alumno/a para a realización dunha única proba na semana de exames previa a todas as sesións de avaliación. Neste caso o alumno ou alumna será convocado para dita proba cunha semana de antelación, alomenos.

Será o criterio do profesor ou profesora o que determine se un alumno ou alumna non pode ser avaliado seguindo os procedementos ordinarios da avaliación continua pero, en todo caso, o número de ausencias do alumno ou alumna deberá ser superior ao 50% das sesións de clase do trimestre.

A proba consistirá na interpretación do repertorio/escalas/estudos e ou exercicios indicados nesta programación para cada trimestre na temporalización do curso que corresponda.

Os criterios de cualificación de dita proba serán os fixados nesta programación para o curso que corresponda.

A non asistencia á proba será cualificada coa nota mínima (1) por parte do profesorado da materia na sesión de avaliación correspondente.

Procedementos de recuperación ordinarios

- Tratándose de ensino con avaliación continua, o alumnado poderá recuperar cada avaliación acadando os contidos mínimos establecidos nesta programación para a seguinte avaliación.

Probas extraordinarias de setembro

Para superar as probas de cada curso, o alumno deberá superar os contidos mínimos esixibles establecidos na presente programación, seguindo as indicacións da proposta de actividades de recuperación presentes no informe de avaliación negativa que lle será entregado polo profesor no mes de xuño.

5.1.5 Recursos didácticos

Escalas e arpexos:

- Toledo, A. : Método de Escalas e arpexos.





- Viola scales and arpeggios (Book I). ABRSM.

Métodos e estudos

- Anderson, G. And Frost: All for Strings

- Cohen, Mary: Superstudies for viola, vol. 1.

- Volmer, B.: Bratschenschule, vol. 1.

- Mateu,E.: Iniciación á viola. Real Musical.

- Applebaum: String Builder , Vol 1

- Rolland , P. :Young Strings in action, vol. 1, Tunes and Exercises for String Players.

- Kinsey, H: Easy Progressive Studies (Set I). ABRSM.

- Kinsey, H: Elementary Progressive Studies (Set I). ABRSM.

- Woof, R.: Fifty Elementary Studies. ABRSM.

- Carse, A.: Viola School of Progressive Studies. Stainer & Bell.

- Garlej & Gonzalez: Método de viola. Vol I. Henry Lemoine.

Pezas:

- Colledge: Sttepping Stones, Waghon Wheels

- Suzuki: Vol. 1

- Stanley Fletcher: New Tunes for Strings vol. 1.

- E. Elgar.: Six Easy Pieces for Viola.

- Barber: Solos for Young Violists vol.1 (primeiras pezas)

- Nelson, S.: piece by Piece 1, Tetratunes, Right from the start, Two in one, Pares, Tunes you know 1, Threes, Fours, etc.





5.2 Curso: 2º de grao elemental

5.2.1 Obxectivos para o 2º curso de grao elemental

- Asimilar os principios elementais da colocación da viola e da toma do arco.
- Conseguir unha posición cómoda e correcta do instrumento, máis afianzada e con maior naturalidade, e un equilibrio corporal nos movementos máis básicos.
- Conseguir a realización de cambios de corda máis rápidos e fluídos.
- Ampliar o rexistro a 2 oitavas nas escalas básicas e comezar o estudo das escalas menores sinxelas, perfeccionando a sonoridade e a afinación.
- Iniciar a aprendizaxe dos cambios de posición, primeiro facendo uso das cordas ao aire e dos harmónicos naturais, e interpretando noutras posicións melodías xa coñecidas polo alumno procurando a súa correcta asimilación.
- Tocar pezas de maior dificultade buscando unha sonoridade máis equilibrada.
- Saber distinguir as divisións básicas do arco e distribuílo de forma correcta. Coñecer o detaché, legato, martelé e staccato. Combinar diferentes velocidades de arco e iniciar a practica do "arco de Viotti".
- Colocar correctamente a man esquerda e articular ben os dedos na 1ª posición, sendo capaces de mover a man ao longo do diapasón con liberdade, como exercicio preparatorio para os futuros cambios de posición e vibrato.
- Aprender a tocar en grupo, con ritmo e afinación correctos, pezas axeitadas ao nivel.
- Coñecer os principios básicos do estudio e aplicalos á práctica diaria.
- Iniciarse na comprensión das estruturas musicais máis sinxelas
- Memorizar fragmentos ou pezas axeitadas ao nivel.
- Iniciar a aprendizaxe dos recursos para a improvisación e a lectura a primeira vista
- Avanzar no dominio da lectura en clave de Do en 3ª.

■

5.2.2 Contidos

- Posición correcta do corpo co instrumento e boa suxeición do arco
- Formación do son: homoxeneidade, sonoridade e afinación; o peso e a velocidade do arco. O ritmo e a sincronización das dúas mans..
- Continuación do traballo con golpes fundamentais do arco "alla corda": detaché, martelé, legato e staccato. Os cambios de corda e o legato, combinacións sinxelas. Inicio do "arco de Viotti".
- Desenvolvemento do movemento perpendicular, horizontal e lateral dos dedos da man esquerda.





- Escalas de Do M, Do m, Re M, Re m, Mi m, Mi bemol M, Fa M e Sol M, en dúas oitavas cos seus arpejos.
- Exercicios de dobres cordas sinxelos, con cordas ao aire ou con só un dedo pisado.
- Os cambios de posición e os armónicos.
- Control permanente da afinación. Escoita interna.
- Adestramento permanente e progresivo da memoria con diferentes exercicios, estudos e obras do repertorio.
- Cómo estudar: a organización do traballo na casa
- As estruturas formais das cancións populares: ABA, ABCA, ABCB, etc.
- Lectura a primeira vista.
- Lectura en clave de Do en 3ª.

Temporalización e secuenciación dos contidos:

1. 1º trimestre: Cómo estudar: a organización do traballo na casa. Os cambios de corda e o legato, combinacións sinxelas. Repaso das escalas do curso anterior. Ritmo e sincronización das dúas mans.
2. 2º trimestre: Formación do son: homoxeneidade, sonoridade e afinación; o peso e a velocidade do arco. Cómo estudar. Organización do traballo na casa. Estructuras formais básicas: ABA, ABCA, ABCB, etc. Escalas de Do M, Re M, Fa M e Mi m, en dúas oitavas, e escalas de Do m, Re m e Mi b M nunha oitava. Traballo de armónicos.
3. 3º trimestre: Escalas de Re m, Mi b M, Fa M e Sol M en dúas oitavas. Inicio do traballo dos cambios de posición e do "arco de Viotti". Interpretación de pequenas pezas nas tonalidades citadas, con movementos básicos de arco libres de tensións, e con afinación, ritmo e calidade de son correctos. Reforzamento da técnica básica por medio da práctica en grupo.

5.2.3 Avaliación

Criterios de avaliación

- Coñecer de forma xeral o instrumento e o arco, as súas partes e o seu mantemento.
- Manter unha posición equilibrada da viola, da man esquerda e do arco, tocando unha escala e os seus arpejos no ámbito de dúas oitavas e unha peza de memoria, con boa afinación e son.
- Distribuír axeitadamente o arco en metades, terzos, cuartos e arco enteiro, combinado co ligado de dúas, tres ou máis notas e empregar con solvencia o detaché en distintas partes do arco.
- Tocar correctamente un staccato lento pero enérxico, ata catro notas, distribuindo ben o arco en cordas ao aire e en escalas.





- Tocar diferentes ritmos, distribuíndo correctamente o arco en cordas ao aire.
- Tocar as escalas mencionadas nos contidos cos seus correspondentes arpejos, con distintos golpes de arco e ritmos.
- Interpretar fragmentos ou pezas curtas en público empregando os conceptos técnicos adquiridos, potenciando a interpretación de memoria e facendo uso de matices e dinámicas elementais, así como elementos básicos do fraseo.
- Tocar as pezas do programa (Vid. listado de pezas recomendadas) cunha posición correcta, distribución do arco, bo son e afinación precisa.
- Demostrar soltura na lectura da clave de Do en 3ª.
- Mostrar nas clases capacidade de aprendizaxe progresiva e bos hábitos de estudo.
- Asistir con regularidade á Clase Colectiva, amosando unha actitude positiva e participativa, asumindo o compromiso de traballar na casa o proposto na clase.

Mínimos esixibles

- Tres escalas e arpejos aplicando diferentes golpes de arco (martelé, detaché, staccato e ligadas) e combinándoos.
- Oito obras ou pezas das cales 3 deben ser interpretadas de memoria.
- Tres estudos técnicos
- Unha ou dúas audicións técnicas segundo o criterio do profesor.
- Dúas audicións públicas como mínimo.

Procedementos e ferramentas de avaliación

- Estudar dunha forma razoada e intelixente.
- Ler pezas a primeira vista axeitadas ao nivel do curso.





5.6.2 Contidos

Traballo sobre a calidade do son, tendo en conta o peso, a velocidade e punto de contacto, e os distintos tipos de vibrato.

- Escalas en tres oitavas cos seus arpexos: Do M e m, Re M e m, Mib M.
- Escalas en posición fixa (2ª, 3ª, 4ª e 5ª posición) e en unha corda con diferentes golpes de arco e ritmos.
- Inicio ás dobres cordas con intervalos de 3ª, 6ª e 8ª.
- Aplicación de diversos patróns rítmicos, articulacións e golpes de arco nos estudos, en pasaxes concretas das obras e nas escalas.
- Perfeccionamento dos cambios de posición.
- Traballo do fraseo tendo en conta os diferentes estilos, a harmonía, a agónica e a dinámica, nas obras do repertorio do curso.
- Desenvolvemento dos golpes de arco e inicio do saltillo.
- Desenvolvemento da velocidade e articulación da man esquerda.
- O estudo en casa: planificación.
- Preparación do concerto público.
- Continuación do adestramento da memoria e da lectura a vista.
- Audicións comparadas de obras de diferentes estilos e diferentes intérpretes para analizar de maneira crítica as características das diferentes versións.
- Traballo das obras de repertorio propostas para este curso.

Temporalización e secuenciación dos contidos:

- 1º trimestre: Escalas en posición fixa, en 4ª e 5ª posición. Traballo de cambios de posición. Inicio das dobres cordas con intervalos de 3ª, 6ª e 8ª, nunha oitava. Aplicación de diversos patróns rítmicos, articulacións e diferentes golpes de arco ás escalas. Traballo das obras e estudos do repertorio propostas para este curso.
- 2º trimestre: Escalas nunha corda. Desenvolvemento dos golpes de arco saltados. Traballo sobre a calidade do son, tendo en conta o peso, a velocidade e o punto de contacto, e os distintos tipos de vibrato. Continuación do traballo de obras e estudos propostas para este curso. Continuación do desenvolvemento técnico-artístico do instrumento, tanto do arco como da man esquerda.
- 3º trimestre: Perfeccionamento das dobres cordas, dos cambios de posición e dos golpes de arco. Audicións comparadas de obras de diferentes estilos e diferentes intérpretes para analizar





de maneira crítica as características das diferentes versións. Interpretación das obras de diferentes estilos de memoria. Traballo do fraseo tendo en conta os diferentes estilos, a harmonía, a agónica e a dinámica.

5.6.3 Avaliación

Criterios de avaliación

- Mostrar en cada clase a capacidade de aprendizaxe progresiva e os bos hábitos de estudio adquiridos.
- Mostrar un grado de asimilación de conceptos técnicos, tanto do brazo dereito (suxeición, condución, calidade de son e golpes de arco); como da man esquerda (articulación, cambios de posición, vibrato, desenvolvemento das dobres cordas, etc.) e da coordinación de ambos brazos.
- Tocar dúas escalas en tres oitavas e os seus arpejos con boa afinación e bo son, tendo en conta unha boa distribución do arco, cambios de posición fluídos e cambios de corda limpos, en catro, seis, oito, doce e vinte catro ligadas por arco.
- Tocar unha escala con diferentes ritmos e golpes de arco: detaché, staccato, legato, spiccato, saltillo e diferentes combinacións con boa afinación, bo ritmo e limpeza de son.
- Interpretar en audicións un repertorio que inclúa estudos e obras para solista e con acompañamento de piano, empregando a técnica e os criterios estéticos adquiridos con correcta utilización do tempo, do arco e do son. Memorizar a práctica totalidade do repertorio e interpretar pezas de memoria en público.
- Tocar a primeira vista pasaxes de dificultade acorde ao nivel do curso.
- Tocar en grupo, desde o dúo ata a pequena orquestra de cámara, e participar en audicións e concertos.

Mínimos esixibles

- Dúas escalas en tres oitavas ligadas de 4, 8, 12 e 24 e os seus arpejos ligados de 6 o 9.
- Seis estudos (un deles interpretarase de memoria), dous serán de dobres cordas e outro un estudio con variacións para o arco.
- Tres obras, das cales unha deberá ser un concerto e outra una peza de carácter virtuoso. Unha das obras deberase interpretar de memoria.
- Dúas audicións públicas como mínimo.
- Dúas audicións técnicas.





Procedementos e ferramentas de avaliación

O proceso de avaliación comporta a realización de probas específicas, pero sobre todo, unha observación das actividades cotiás, que se realizan ao longo do curso para detectar problemas e establecer medidas para solucionarlos. É fundamental valorar tanto os procedementos, como as actitudes, así como o conceptos que se van adquirindo. No desenvolvemento de capacidades e habilidades musicais os procesos de precisión, calidade sonora, capacidade de comprensión formal e gusto pola interpretación ben feita van implícitas a valoración do propio traballo individual e o desenvolvemento da propia responsabilidade persoal.

Realizarase unha avaliación inicial ó principio do curso para planificar o traballo que debe realizar cada alumno. A avaliación será continua durante todo o curso, ou sexa, procesual, e haberá unha avaliación final ó termo de cada ciclo no caso do final do grao elemental e dos tres ciclos do grao medio. Ó termo do grao elemental e profesional haberá unha proba perante un tribunal que xulgue a capacidade do alumno para o acceso ó novo grao.

O procedemento de avaliación continua realizarase por un lado, nas clases semanais de aula. Para tal fin o profesorado da materia empregará unhas fichas de observación sistemática do alumno, a cal permitirá un seguimento do seu progreso e destrezas. Tamén se incluírá neste proceso as clases colectivas, audicións, concertos, e probas técnicas específicas que teñan lugar durante o curso. Para a avaliación dos obxectivos acadados e contidos asimilados, empregarase unha ficha de avaliación do alumno. Estas fichas detállanse máis abaixo:

Haberá tamén unha coavaliación que implique a todo o grupo de alumnos entre si (clases colectivas), incluíndo a autoavaliación e a avaliación do outro, sempre dende un punto de vista construtivo.

O mesmo profesor tamén deberá realizar unha autoavaliación do seu traballo segundo os progresos que teñan os seus alumnos, e o seu grao de motivación.

O profesorado dispón dun modelo de Ficha de observación sistemática do alumno que figura no Anexo I.

Criterios de cualificación

PARTE TÉCNICA:

- a. Control do ritmo e medida das figuras.
- b. Grao de dificultade do repertorio.
- c. Afinación e calidade do son.
- d. Claridade na dixitación.
- e. Control das articulacións e golpes de arco.

PARTE INTERPRETATIVA:

- Calidade do son.





- Respecto ós estilos interpretativos , tempos e articulacións das obras.
- Capacidade da realización das diferentes dinámicas
- Capacidade interpretativa e de adaptación na práctica musical de grupo.

9 – 10 Interpretación realizada con seguridade técnica e autoridade musical.

Excelente precisión e fluidez na interpretación.

Realización musical de tódolos detalles escritos na partitura.

Excelente afinación.

Excelente produción, flexibilidade e proxección do son.

Tempo musicalmente convincente e mantido.

Sentido instintivo e comunicativo da interpretación.

7 – 8 Precisión e fluidez xeral na interpretación.

Atención aos detalles escritos na partitura.

Boa calidade, flexibilidade e proxección do son.

Tempo axeitado e mantido.

Correcto uso do fraseo, das dinámicas e da articulación.

Sentido comunicativo da interpretación.

5 – 6 Seguridade global dentro dun tempo axeitado e ben mantido.

Tecnicamente axeitado.

Limitacións no uso de recursos musicais.

Calidade, flexibilidade e proxección do son aceptable.

Evidencia dunha coidadosa preparación.

4 Xusto por debaixo do nivel aceptable de precisión en xeral.

Errores na afinación e no ritmo.

Son probe, con flexibilidade limitada e ausencia de expresión.

Algúns tropezos ou interrupcións.

Falta de fraseo, dinámica e articulación.

Tempo non axeitado ou non mantido.

Estilo non apropiado.

Evidencia na falta de preparación.

2 – 3 Serias dificultades coas notas e/ou o ritmo





Ausencia de detalles musicais.
Seria falta de control no son.
Soamente algunhas pasaxes dominadas.
Incapaz de continuar sen erros máis dunha breve parte.
Técnicamente non axeitado.

1 Non presenta traballo algún.

Porcentaxes de cualificación:

- 30%- Interpretación
- 20%- Posición/ Técnica
- 15%- Son
- 15%- Afinación
- 20%- Estudo

Crterios para a concesión de ampliación de matrícula

O procedemento para a solicitude e resolución de ampliación de matrícula pódese consultar nas N.O.F do Centro (dispoñibles na páxina web).

Para a concesión da ampliación de matrícula na materia de viola, o profesor/a da materia realizará unha proba consistente na interpretación dun repertorio que incluírá alo menos as obras, escalas, exercicios e ou estudos indicados nesta programación nos mínimos esixibles do curso avaliado, sendo aplicados os criterios de avaliación e cualificación indicados nesta programación para dito curso. A proba valorarase de 1 a 10 sendo a cualificación positiva a partir de 5.

5.6.4 Medidas de recuperación

Plans de traballo para a superación de materias pendentes: O profesorado valorará a idoneidade das seguintes medidas:

- Programación de tarefas de carácter individual para o reforzamento dos puntos débiles de cada alumno
- Adaptación das U. D. específicas aos requirimentos dos alumnos con problemas concretos.
- Realización de actividades complementarias de reforzo como :
- Clases de reforzo fora do horario establecido.
- Asistencia como oínte a clases de outros alumnos.
- Cambio temporal de profesor.
- Programación da practica semanal baixo supervisión do seus pais/nais ou titores/as.

Nos casos en que, de acordo co procedemento disposto nas Normas de Organización e Funcionamento





vixentes, o profesorado da materia considere que non ten os datos necesarios para avaliar a algún alumno/a de xeito continuo por mor das faltas de asistencia reiteradas, convocará a dito alumno/a para a realización dunha única proba na semana de exames previa a todas as sesións de avaliación. Neste caso o alumno ou alumna será convocado para dita proba cunha semana de antelación, alomenos.

Será o criterio do profesor ou profesora o que determine se un alumno ou alumna non pode ser avaliado seguindo os procedementos ordinarios da avaliación continua pero, en todo caso, o número de ausencias do alumno ou alumna deberá ser superior ao 50% das sesións de clase do trimestre.

A proba consistirá na interpretación do repertorio/escalas/estudos e ou exercicios indicados nesta programación para cada trimestre na temporalización do curso que corresponda.

Os criterios de cualificación de dita proba serán os fixados nesta programación para o curso que corresponda.

A non asistencia á proba será cualificada coa nota mínima (1) por parte do profesorado da materia na sesión de avaliación correspondente.

Procedementos de recuperación ordinarios

- Tratándose de ensino con avaliación continua, o alumnado poderá recuperar cada avaliación acadando os contidos mínimos establecidos nesta programación para a seguinte avaliación.

Probas extraordinarias de setembro

Para superar as probas de cada curso, o alumno deberá superar os contidos mínimos esixibles establecidos na presente programación, seguindo as indicacións da proposta de actividades de recuperación presentes no informe de avaliación negativa que lle será entregado polo profesor no mes de xuño.

5.6.5 Recursos didácticos

- Escalas e arpexos
 - Sevcik: Escalas e arpexos
 - C. Flesch: O sistema de escalas.
- Estudos e métodos
 - Wohlfahrt : Op. 45
 - Sevcik: Op. 2/1, Op. 1/1, Op. 7, 8 e 9.
 - Schradieck, H.: Escola da técnica para viola. Vol. 1.
 - Sitt, H.: 20 Estudos de dobres cordas, Op. 32.
 - Hoffmann, R.: Estudos Op. 86.





- Hoffmann, R.: Estudos melódicos en dobres cordas.
- Trott, J.: Melodious Double-Stops. Book 1.
- Mazas: Estudos especiais op. 36.
- Kayser: 36 estudos elementais e progresivos para viola.
- Uhl, A.: Dreizig Etüden für Viola.
- Whistler: "Introducing the positions" Vol. I e II.
- Bruni, A. B.: 25 estudos para viola.
- Specimen Sightreading Tests (ABRSM), Grados 1-5.
- Pezas e Concertos
 - Suzuki: Vol. 5 e 6.
 - Seitz, F.: Concerto nº3 en Do menor.
 - Corrette, M.: Sonata en Si b Maior para viola e contínuo.
 - Cambini, G.: 6 dúos concertantes para dúas violas.
 - Bach, W. F.: Dúos para 2 violas.
 - Bach, J. S.: Suite nº 1 e Suite nº 3 (Bourrée I e II).
 - Telemann, G. P.: 12 Fantasías (transcrición das fantasías para violín).
 - Marcello, B.: Sonata en Do M e Sonata en Sol M para viola e contínuo.
 - Fiocco, H.: Allegro
 - Ferguson, H.: 4 pequenas pezas Op. 6. Boosey.
 - Flackton, W.: Sonatas para viola e contínuo. Schott.
 - Mozart, Leopold: Concerto para viola. Kunzelmann.
 - Zelter: Concerto en Mi B Maior.
 - Hummel, B.: Sonatina nº 1. Simrock
 - Sitt, H.: Album leaves. Peters.
 - Kalliwoda, J. W.: 6 Nocturnos Op. 186.
 - Ernst, H.: Rondo alla Zingarese.
 - Dancla, Chas.: Air Varié de Concert.





5.7 Curso: 3º de grao profesional

5.7.1 Obxectivos para o 3º curso de grao profesional

- Afondar no ton muscular, na respiración e na comodidade na execución instrumental.
- Continuar co traballo de cambios de posición.
- Afianzar o vibrato con boa condución de brazo, pulso e dedos, e traballar as distintas velocidades.
- Perfeccionar os golpes de arco traballados (detaché, martelé, staccato, spiccato, saltillo...) e as súas combinacións.
- Desenvolvemento da velocidade e articulación da man esquerda.
- Tocar escalas maiores e menores en una corda e en posición fixa con diferentes golpes de arco, ritmos e velocidades.
- Afondar no estudio de escalas e arpexos en tres oitavas con diferentes golpes de arco e velocidades (escalas hasta 24 ligadas e arpexos hasta 9 ligados).
- Estudar as dobres cordas de xeito sistemático: 8ª, 3ª e 6ª
- Manter hábitos de estudio que permitan desenvolver as capacidades técnico-artísticas, aplicando progresivamente e con autonomía os coñecementos musicais, valorando o propio rendemento e o tempo empregado no estudio
- Controlar permanentemente a afinación e perfeccionar continuamente a calidade sonora
- Interpretar un repertorio solístico e de conxunto que inclúa obras representativas de diferentes épocas e estilos de unha dificultade axeitada ao nivel
- Iniciar a aplicación dos coñecementos harmónicos, formais e históricos na busca de unha interpretación artística de calidade
- Adquirir o autocontrol necesario a través da experiencia de tocar en público como solista e en conxunto, fomentando a memorización do repertorio
- Desenvolver a capacidade da lectura a primeira vista
- Fomentar o hábito de escoitar música para adquirir progresivamente criterios interpretativos.

5.7.2 Contidos

- Traballo sobre a calidade do son, tendo en conta o peso, a velocidade e punto de contacto, e os distintos tipos de vibrato.
- Escalas e arpexos en posición fixa (2ª, 3ª, 4ª, 5ª e 6ª posición) e sobre unha corda con diferentes ritmos, golpes de arco e velocidades.
- Escalas e arpexos en tres oitavas: Do M e m, Re M e m, Mib M, Mi M e m.
- As dobres cordas con intervalos de 3ª, 6ª e 8ª.





- Aplicación de diversos patróns rítmicos, articulacións e golpes de arco nos estudos, en pasaxes concretas das obras e nas escalas.
- Harmónicos naturais e artificiais.
- Desenvolvemento da velocidade e articulación da man esquerda.
- Práctica dos cambios de posición.
- Traballo do saltillo.
- Desenvolvemento do vibrato: fluidez e diferentes velocidades.
- O estudo na casa: a planificación.
- Traballo do fraseo tendo en conta os diferentes estilos, a harmonía, a agónica e a dinámica.
- Continuación do adestramento da memoria e da lectura a vista.
- Audicións comparadas de obras de diferentes estilos e diferentes intérpretes para analizar de maneira crítica as características das diferentes versións.
- Traballo das obras de repertorio propostas para este curso.

Temporalización e secuenciación dos contidos:

- 1º trimestre. Traballo sobre a calidade do son, tendo en conta o peso, a velocidade e punto de contacto, e os distintos tipos de vibrato. Harmónicos naturais e artificiais. Escalas en posición fixa, sobre unha corda, en tres oitavas, etc.. Arpexos. Estudio das dobres cordas : intervalos de 3ª, 6ª e 8ª. Aplicación dos diversos patróns rítmicos, articulacións e diferentes golpes de arco a tódolos aspectos do estudio da técnica. Traballo das obras e estudos do curso.
- 2º trimestre: Traballo dos cambios de posición e dos golpes de arco (especialmente o saltillo). Traballo do fraseo tendo en conta os diferentes estilos, a harmonía, a agónica e a dinámica das pezas e estudos. Continuación do adestramento da memoria e da lectura a vista. Continuación do traballo das obras e estudos do curso.
- 3º trimestre: Afondamento na técnica, tanto de man esquerda como de man dereita. Audicións comparadas de obras de diferentes estilos e diferentes intérpretes para analizar de maneira crítica as características das diferentes versións. Perfeccionamento dos aspectos técnicos e interpretativos das obras e estudos traballados durante o curso.

5.7.3 Avaliación

Criterios de avaliación

- Ter unha postura corporal que permita unha correcta colocación do instrumento e favoreza a liberdade de movementos, unha boa coordinación de ambos brazos e un son ben timbrado.
- Mostrar en cada clase a capacidade de aprendizaxe progresiva e bos hábitos de estudo





- Mostrar un grao de asimilación de conceptos técnicos, tanto do brazo dereito (suxeición, condución, calidade de son, golpes de arco á corda e saltados, acordes, etc.) como da man esquerda (articulación, velocidades, cambios de posición, vibrato, desenvolvemento das dobres cordas etc.) e a coordinación entre ambos brazos
- Tocar dúas escala en tres oitavas e os seus arpxos con boa afinación e bo son, tendo en conta unha boa distribución do arco, cambios de posición fluídos e cambios de corda limpos, en catro, seis, oito, doce e vinte catro por arco para a escala e seis e nove para os arpxos
- Tocar unha escala con diferentes ritmos e golpes de arco: detaché, staccato, legato, spiccato, saltillo e diferentes combinacións, con boa afinación, bo ritmo e limpeza de son
- Tocar escalas en dobres cordas en sextas e oitavas
- Tocar a primeira vista fragmentos acordes ao nivel do curso
- Interpretar un repertorio que inclúa estudos, obras para solo, concertos, sonatas etc., empregando a técnica adquirida e os criterios estéticos traballados, e interpretar algunhas en público de memoria
- Mostrar en cada clase unha maior autonomía na resolución de problemas técnicos e interpretativos.

Mínimos esixibles

- Dúas escalas e arpxos en tres oitavas e unha con dobres cordas (sextas e terceiras). As escalas presentaranse ligadas de 4, 8, 12 e 24, os arpxos ligados de 6 o 9 e as dobres cordas ligadas de dous.
- Cinco estudos (un deles interpretarase de memoria), dous serán de dobres corda e outro será un estudio con variacións para o arco.
- Tres obras, das cales unha deberá ser un concerto e outra unha peza de carácter virtuoso. Unha das obras deberase interpretar de memoria.
- Unha obra para viola soa.
- Dúas audicións públicas como mínimo.
- Dúas audicións técnicas.

Procedementos e ferramentas de avaliación

O proceso de avaliación comporta a realización de probas específicas, pero sobre todo, unha observación das actividades cotiás, que se realizan ao longo do curso para detectar problemas e establecer medidas para solucionarlos. É fundamental valorar tanto os procedementos, como as actitudes, así como o conceptos que se van adquirindo. No desenvolvemento de capacidades e habilidades musicais os procesos de precisión, calidade sonora, capacidade de comprensión formal e gusto pola interpretación ben feita van implícitas a valoración do propio traballo individual e o desenvolvemento da propia responsabilidade persoal.





Realizarase unha avaliación inicial ó principio do curso para planificar o traballo que debe realizar cada alumno. A avaliación será continua durante todo o curso, ou sexa, procesual, e haberá unha avaliación final ó termo de cada ciclo no caso do final do grao elemental e dos tres ciclos do grao medio. Ó termo do grao elemental e profesional haberá unha proba perante un tribunal que xulgue a capacidade do alumno para o acceso ó novo grao.

O procedemento de avaliación continua realizarase por un lado, nas clases semanais de aula. Para tal fin o profesorado da materia empregará unhas fichas de observación sistemática do alumno, a cal permitirá un seguimento do seu progreso e destrezas. Tamén se incluírá neste proceso as clases colectivas, audicións, concertos, e probas técnicas específicas que teñan lugar durante o curso. Para a avaliación dos obxectivos acadados e contidos asimilados, empregárase unha ficha de avaliación do alumno. Estas fichas detállanse máis abaixo:

Haberá tamén unha coavaliación que implique a todo o grupo de alumnos entre si (clases colectivas), incluíndo a autoavaliación e a avaliación do outro, sempre dende un punto de vista construtivo.

O mesmo profesor tamén deberá realizar unha autoavaliación do seu traballo segundo os progresos que teñan os seus alumnos, e o seu grao de motivación.

O profesorado dispón dun modelo de Ficha de observación sistemática do alumno que figura no Anexo I.

Cráterios de cualificación

PARTE TÉCNICA:

- a. Control do ritmo e medida das figuras.
- b. Grao de dificultade do repertorio.
- c. Afinación e calidade do son.
- d. Claridade na dixitación.
- e. Control das articulacións e golpes de arco.

PARTE INTERPRETATIVA:

- Calidade do son.
- Respecto ós estilos interpretativos , tempos e articulacións das obras.
- Capacidade da realización das diferentes dinámicas
- Capacidade interpretativa e de adaptación na práctica musical de grupo.

9 – 10 Interpretación realizada con seguridade técnica e autoridade musical.

Excelente precisión e fluidez na interpretación.

Realización musical de tódolos detalles escritos na partitura.





Excelente afinación.

Excelente produción, flexibilidade e proxección do son.

Tempo musicalmente convincente e mantido.

Sentido instintivo e comunicativo da interpretación.

7 – 8 Precisión e fluidez xeral na interpretación.

Atención aos detalles escritos na partitura.

Boa calidade, flexibilidade e proxección do son.

Tempo axeitado e mantido.

Correcto uso do fraseo, das dinámicas e da articulación.

Sentido comunicativo da interpretación.

5 – 6 Seguridade global dentro dun tempo axeitado e ben mantido.

Tecnicamente axeitado.

Limitacións no uso de recursos musicais.

Calidade, flexibilidade e proxección do son aceptable.

Evidencia dunha coidadosa preparación.

4 Xusto por debaixo do nivel aceptable de precisión en xeral.

Errores na afinación e no ritmo.

Son probe, con flexibilidade limitada e ausencia de expresión.

Algúns tropezos ou interrupcións.

Falta de fraseo, dinámica e articulación.

Tempo non axeitado ou non mantido.

Estilo non apropiado.

Evidencia na falta de preparación.

2 – 3 Serias dificultades coas notas e/ou o ritmo

Ausencia de detalles musicais.

Seria falta de control no son.

Soamente algunhas pasaxes dominadas.

Incapaz de continuar sen erros máis dunha breve parte.

Tecnicamente non axeitado.

1 Non presenta traballo algún.





Porcentaxes de cualificación:

- 30%- Interpretación
- 20%- Posición/ Técnica
- 15%- Son
- 15%- Afinación
- 20%- Estudo

Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

O procedemento para a solicitude e resolución de ampliación de matrícula pódese consultar nas N.O.F do Centro (dispoñibles na páxina web).

Para a concesión da ampliación de matrícula na materia de viola, o profesor/a da materia realizará unha proba consistente na interpretación dun repertorio que incluírá alo menos as obras, escalas, exercicios e ou estudos indicados nesta programación nos mínimos esixibles do curso avaliado, sendo aplicados os criterios de avaliación e cualificación indicados nesta programación para dito curso. A proba valorarase de 1 a 10 sendo a cualificación positiva a partir de 5.

5.7.4 Medidas de recuperación

Plans de traballo para a superación de materias pendentes: O profesorado valorará a idoneidade das seguintes medidas:

- Programación de tarefas de carácter individual para o reforzamento dos puntos débiles de cada alumno
- Adaptación das U. D. específicas aos requirimentos dos alumnos con problemas concretos.
- Realización de actividades complementarias de reforzo como :
- Clases de reforzo fora do horario establecido.
- Asistencia como ónte a clases de outros alumnos.
- Cambio temporal de profesor.
- Programación da practica semanal baixo supervisión do seus pais/nais ou titores/as.

Nos casos en que, de acordo co procedemento disposto nas Normas de Organización e Funcionamento vixentes, o profesorado da materia considere que non ten os datos necesarios para avaliar a algún alumno/a de xeito continuo por mor das faltas de asistencia reiteradas, convocará a dito alumno/a para a realización dunha única proba na semana de exames previa a todas as sesións de avaliación. Neste caso o alumno ou alumna será convocado para dita proba cunha semana de antelación, alomenos.

Será o criterio do profesor ou profesora o que determine se un alumno ou alumna non pode ser avaliado seguindo os procedementos ordinarios da avaliación continua pero, en todo caso, o número de ausencias do alumno ou alumna deberá ser superior ao 50% das sesións de clase do trimestre.

A proba consistirá na interpretación do repertorio/escalas/estudos e ou exercicios indicados nesta





programación para cada trimestre na temporalización do curso que corresponda.

Os criterios de cualificación de dita proba serán os fixados nesta programación para o curso que corresponda.

A non asistencia á proba será cualificada coa nota mínima (1) por parte do profesorado da materia na sesión de avaliación correspondente.

Procedementos de recuperación ordinarios

- Tratándose de ensino con avaliación continua, o alumnado poderá recuperar cada avaliación acadando os contidos mínimos establecidos nesta programación para a seguinte avaliación.

Probas extraordinarias de setembro

Para superar as probas de cada curso, o alumno deberá superar os contidos mínimos esixibles establecidos na presente programación, seguindo as indicacións da proposta de actividades de recuperación presentes no informe de avaliación negativa que lle será entregado polo profesor no mes de xuño.

5.7.5 Recursos didácticos

- Escalas e arpexos
 - ✓ Sevcik. Escalas e arpexos
 - ✓ C. Flesch: El sistema de escalas.
 - ✓ Forbes, W.: A third book of scales and arpeggios for viola players. OUP
- Estudos e métodos.
 - ✓ Kayser: Estudios Op.20
 - ✓ Kreutzer: 42 Estudios.
 - ✓ Fiorillo: 31 Estudios.
 - ✓ Sevcik. Op.1, op.2,op.7 op. 9 e op. 8
 - ✓ Sitt, H.: Estudos de dobres cordas, op. 32.
 - ✓ Hofmann, R.: Estudos melódicos en dobres cordas.
 - ✓ Polo, E.: 30 estudos de dobres cordas.
 - ✓ H. Whistler: "Introducing the positions" Vol. I e II.
 - ✓ Specimen Sightreading Test (ABRSM), Grados 6-8
 - ✓ Bruni, A. B.: 25 estudos para viola.
 - ✓ Hoffmeister: Estudos para viola.





- ✓ Mazas: Estudios especiales op.36.
- ✓ Schradieck. "Escola da técnica de viola" Vol. I, II e III.

- Pezas e concertos
 - ✓ Bach, J. S.: Suites nº 1, 2 e 3.
 - ✓ Suzuki vol. 6
 - ✓ Seitz, F.: Concerto nº3 en Do menor.
 - ✓ Eccles: Sonata para viola e contínuo.
 - ✓ A. Corelli: Folia.
 - ✓ Telemann, G. P.: 12 Fantasías (transcripción do violín).
 - ✓ Telemann, G. P.: 6 sonatas para viola e continuo
 - ✓ Bach, C. P. E.: Sonata para viola e cembalo en sol menor. Schott.
 - ✓ Graun, J. G.: Sonata nº 1 para viola e cembalo en Si b Maior.
 - ✓ Glazunov, A.: Elexía, op. 44.
 - ✓ Bloch, E.: Meditación e Procesional.
 - ✓ Bach, Chr.: Concerto en Do menor.
 - ✓ Zelter: Concerto en Mi b Maior.
 - ✓ Accolay: Concerto nº 1.
 - ✓ Haendel-Casadesus: Concerto en si menor.
 - ✓ Bruni, A. B.: 3 sonatas. Schott.
 - ✓ Stamitz, C.: Sechs duette für zwei Violen. Schott.
 - ✓ Nardini, P.: 6 dúos. Schott.
 - ✓ Dancla, Chas.: Air Varié de Concert.
 - ✓ Métodos e pezas que o profesor considere axeitadas.

5.8 Curso: 4º de grao profesional

5.8.1 Obxectivos para o 4º curso de grao profesional

- Afondar no ton muscular, na respiración e na liberdade de movementos implicados na execución instrumental.
- Manter hábitos de estudo que permitan desenvolver capacidades técnico-artísticas, aplicando progresivamente e con autonomía os coñecementos musicais, valorando o propio rendemento e o tempo empregado no estudio.
- Continuar o desenvolvemento técnico-artístico do instrumento, tanto do arco como da man esquerda: Articulación, fraseo, dixitación, etc.





- Controlar permanentemente a afinación e perfeccionar continuamente a calidade sonora.
- Continuar co traballo de cambios de posición.
- Afianzar o vibrato con boa condución de brazo, pulso e dedos, e traballar as distintas velocidades.
- Perfeccionar os golpes de arco traballados (detaché, martelé, staccato, spiccato, saltillo...) e iniciar a practica de golpes de arco virtuosos como ricochet e spiccato volante.
- Desenvolvemento da velocidade e articulación da man esquerda.
- Estudar as dobres cordas de xeito sistemático: 8ª, 3ª, 6ª e iniciar o estudo das 4ªs.
- Tocar escalas e arpejos de tres oitavas con diferentes golpes de arco e velocidades.
- Interpretar un repertorio solístico e de conxunto que inclúa obras representativas de diferentes épocas e estilos de unha dificultade axeitada o nivel.
- Aplicar os coñecementos harmónicos, formais e históricos na busca de unha interpretación artística de calidade.
- Adquirir cada vez un maior autocontrol na experiencia de tocar en público como solista e en conxunto, fomentando a memorización do repertorio.
- Desenvolvela capacidade da lectura a primeira vista.
- Fomentar o hábito de escoitar música para adquirir progresivamente criterios interpretativos.
- Afondar nas capacidades expresivas do instrumento e das obras.

■

5.8.2 Contidos

- Traballo sobre a calidade do son, tendo en conta o peso, a velocidade e punto de contacto, e os distintos tipos de vibrato.
- Escalas e arpejos en unha corda con diferentes golpes de arco, ritmos e velocidades.
- Escalas en 3 oitavas cos seus arpejos: Do m, Re M e m, Mib M, Mi M e m, Fa M.
- Traballo sobre os cambios de posición.
- Aplicación das posibilidades sonoras e expresivas no contexto musical, estético, formal e histórico das obras interpretadas.
- Dobres cordas con 3ª, 6ª, 8ª e 4ªs.
- Acordes de tres e catro notas.:
- Traballo dos golpes de arco e iniciación a golpes de arco virtuosos como ricochet, arco Viotti, staccato volante, etc.
- Desenvolvemento da velocidade da man esquerda.
- Aplicación de diversos patróns rítmicos, articulacións e golpes de arco nos estudos, en pasaxes concretas das obras e nas escalas.





- Exercicios con harmónicos naturais e artificiais.
- Traballo do fraseo tendo en conta os diferentes estilos, a harmonía, a agóxica e a dinámica.
- Continuación do adestramento da memoria e da lectura a vista.
- Audicións comparadas de obras de diferentes estilos e diferentes intérpretes para analizar de maneira crítica as características das diferentes versións.
- Traballo das obras de repertorio propostas para este curso con calidades e concordancia o estilo a que pertencen.

Temporalización e secuenciación dos contidos:

- 1º trimestre. Traballo sobre a calidade do son, tendo en conta o peso, a velocidade e punto de contacto, e os distintos tipos de vibrato. Harmónicos naturais e artificiais. Escalas en posición fixa, sobre unha corda, en tres oitavas, etc.. Arpexos. Estudio das dobres cordas : intervalos de 3ª, 6ª e 8ª. Aplicación dos diversos patróns rítmicos, articulacións e diferentes golpes de arco a tódolos aspectos do estudio da técnica. Traballo das obras e estudos do curso.
- 2º trimestre: Traballo dos cambios de posición e dos golpes de arco. Iniciación a golpes de arco virtuosos: ricochet, staccato volante, etc. Dobres cordas: 8ª, 6ª e 4ªs. Traballo do fraseo tendo en conta os diferentes estilos, a harmonía, a agóxica e a dinámica das pezas e estudos. Continuación do adestramento da memoria e da lectura a vista. Continuación do traballo das obras e estudos do curso.
- 3º trimestre: Afondamento na técnica, tanto de man esquerda como de man dereita. Aplicación de golpes de arco complexos ó estudio das escalas. Audicións comparadas de obras de diferentes estilos e diferentes intérpretes para analizar de maneira crítica as características das diferentes versións. Perfeccionamento dos aspectos técnicos e interpretativos das obras e estudos traballados durante o curso.

5.8.3 Avaliación

Criterios de avaliación

- Ter unha postura corporal que permita unha correcta colocación do instrumento e favoreza a liberdade de movementos e coordinación de ambos brazos.
- Mostrar en cada clase capacidade de aprendizaxe e bos hábitos de estudo.
- Mostrar un grao de asimilación de conceptos técnicos, tanto do brazo dereito (suxeición, condución, calidade de son, golpes de arco á corda e saltados, acordes, etc.) como da man esquerda (articulación, velocidades, cambios de posición, vibrato, desenvolvemento das dobres cordas etc.) e a coordinación entre ambos brazos.





- Tocar dúas escala en tres oitavas e os seus arpejos con boa afinación e bo son, tendo en conta unha boa distribución do arco, cambios de posición fluídos e cambios de corda limpos, en catro, seis, oito, doce e vinte catro por arco para a escala e nove para os arpejos.
- Tocar unha escala con diferentes ritmos e golpes de arco: detaché, staccato, legato, spiccato, saltillo e diferentes combinacións, con boa afinación, bo ritmo e limpeza de son.
- Tocar escalas en dobres cordas: sextas, terceiras e oitavas.
- Tocar a primeira vista fragmentos acordes ao nivel do curso.
- Interpretar un repertorio que inclúa estudos, obras para solo, concertos, sonatas etc., empregando a técnica adquirida e os criterios estéticos traballados, e interpretar algunhas en público de memoria.
- Mostrar en cada clase unha maior autonomía na resolución de problemas técnicos e interpretativos.

Mínimos esixibles

- Dúas escalas en tres oitavas ligadas de 4, 8, 12 e 24, os seus arpejos ligados de 9 e escalas en dúas oitavas de sextas, terceiras e oitavas.
- Catro estudos (un deles interpretárase de memoria), dous serán de dobres cordas e outro un estudio con variacións para o arco.
- Tres obras, das cales unha deberá ser un concerto e outra una peza de carácter virtuoso. Unha das obras deberase interpretar de memoria.
- Unha obra para viola soa.
- Dúas audicións públicas como mínimo.
- Dúas audicións técnicas.

Procedementos e ferramentas de avaliación

O proceso de avaliación comporta a realización de probas específicas, pero sobre todo, unha observación das actividades cotiás, que se realizan ao longo do curso para detectar problemas e establecer medidas para solucionarlos. É fundamental valorar tanto os procedementos, como as actitudes, así como o conceptos que se van adquirindo. No desenvolvemento de capacidades e habilidades musicais os procesos de precisión, calidade sonora, capacidade de comprensión formal e gusto pola interpretación ben feita van implícitas a valoración do propio traballo individual e o desenvolvemento da propia responsabilidade persoal.

Realízase unha avaliación inicial ó principio do curso para planificar o traballo que debe realizar cada alumno. A avaliación será continua durante todo o curso, ou sexa, procesual, e haberá unha avaliación final ó termo de cada ciclo no caso do final do grao elemental e dos tres ciclos do grao medio. Ó termo do grao elemental e profesional haberá unha proba perante un tribunal que xulgue a capacidade do alumno para o acceso ó novo grao.





O procedemento de avaliación continua realizarase por un lado, nas clases semanais de aula. Para tal fin o profesorado da materia empregará unhas fichas de observación sistemática do alumno, a cal permitirá un seguimento do seu progreso e destrezas. Tamén se incluírá neste proceso as clases colectivas, audicións, concertos, e probas técnicas específicas que teñan lugar durante o curso. Para a avaliación dos obxectivos acadados e contidos asimilados, empregarase unha ficha de avaliación do alumno. Estas fichas detállanse máis abaixo:

Haberá tamén unha coavaliación que implique a todo o grupo de alumnos entre si (clases colectivas), incluíndo a autoavaliación e a avaliación do outro, sempre dende un punto de vista construtivo.

O mesmo profesor tamén deberá realizar unha autoavaliación do seu traballo segundo os progresos que teñan os seus alumnos, e o seu grao de motivación.

O profesorado dispón dun modelo de Ficha de observación sistemática do alumno que figura no Anexo I.

Criterios de cualificación

PARTE TÉCNICA:

- a. Control do ritmo e medida das figuras.
- b. Grao de dificultade do repertorio.
- c. Afinación e calidade do son.
- d. Claridade na dixitación.
- e. Control das articulacións e golpes de arco.

PARTE INTERPRETATIVA:

- Calidade do son.
- Respecto ós estilos interpretativos , tempos e articulacións das obras.
- Capacidade da realización das diferentes dinámicas
- Capacidade interpretativa e de adaptación na práctica musical de grupo.

9 – 10 Interpretación realizada con seguridade técnica e autoridade musical.

Excelente precisión e fluidez na interpretación.

Realización musical de tódolos detalles escritos na partitura.

Excelente afinación.

Excelente produción, flexibilidade e proxección do son.

Tempo musicalmente convincente e mantido.

Sentido instintivo e comunicativo da interpretación.





7 – 8 Precisión e fluidez xeral na interpretación.

Atención aos detalles escritos na partitura.

Boa calidade, flexibilidade e proxección do son.

Tempo axeitado e mantido.

Correcto uso do fraseo, das dinámicas e da articulación.

Sentido comunicativo da interpretación.

5 – 6 Seguridade global dentro dun tempo axeitado e ben mantido.

Tecnicamente axeitado.

Limitacións no uso de recursos musicais.

Calidade, flexibilidade e proxección do son aceptable.

Evidencia dunha coidadosa preparación.

4 Xusto por debaixo do nivel aceptable de precisión en xeral.

Errores na afinación e no ritmo.

Son probe, con flexibilidade limitada e ausencia de expresión.

Algúns tropezos ou interrupcións.

Falta de fraseo, dinámica e articulación.

Tempo non axeitado ou non mantido.

Estilo non apropiado.

Evidencia na falta de preparación.

2 – 3 Serias dificultades coas notas e/ou o ritmo

Ausencia de detalles musicais.

Seria falta de control no son.

Soamente algunhas pasaxes dominadas.

Incapaz de continuar sen erros máis dunha breve parte.

Tecnicamente non axeitado.

1 Non presenta traballo algún.

Porcentaxes de cualificación:

30%- Interpretación

20%- Posición/ Técnica

15%- Son





15%- Afinación

20%- Estudo

Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

O procedemento para a solicitude e resolución de ampliación de matrícula pódese consultar nas N.O.F do Centro (dispoñibles na páxina web).

Para a concesión da ampliación de matrícula na materia de viola, o profesor/a da materia realizará unha proba consistente na interpretación dun repertorio que incluírá alo menos as obras, escalas, exercicios e ou estudos indicados nesta programación nos mínimos esixibles do curso avaliado, sendo aplicados os criterios de avaliación e cualificación indicados nesta programación para dito curso. A proba valorarase de 1 a 10 sendo a cualificación positiva a partir de 5.

5.8.4 Medidas de recuperación

Plans de traballo para a superación de materias pendentes: O profesorado valorará a idoneidade das seguintes medidas:

- Programación de tarefas de carácter individual para o reforzamento dos puntos débiles de cada alumno
- Adaptación das U. D. específicas aos requirimentos dos alumnos con problemas concretos.
- Realización de actividades complementarias de reforzo como :
- Clases de reforzo fora do horario establecido.
- Asistencia como oínte a clases de outros alumnos.
- Cambio temporal de profesor.
- Programación da practica semanal baixo supervisión do seus pais/nais ou titores/as.

Nos casos en que, de acordo co procedemento disposto nas Normas de Organización e Funcionamento vixentes, o profesorado da materia considere que non ten os datos necesarios para avaliar a algún alumno/a de xeito continuo por mor das faltas de asistencia reiteradas, convocará a dito alumno/a para a realización dunha única proba na semana de exames previa a todas as sesións de avaliación. Neste caso o alumno ou alumna será convocado para dita proba cunha semana de antelación, alomenos.

Será o criterio do profesor ou profesora o que determine se un alumno ou alumna non pode ser avaliado seguindo os procedementos ordinarios da avaliación continua pero, en todo caso, o número de ausencias do alumno ou alumna deberá ser superior ao 50% das sesións de clase do trimestre.

A proba consistirá na interpretación do repertorio/escalas/estudos e ou exercicios indicados nesta programación para cada trimestre na temporalización do curso que corresponda.

Os criterios de cualificación de dita proba serán os fixados nesta programación para o curso que corresponda.

A non asistencia á proba será cualificada coa nota mínima (1) por parte do profesorado da materia na sesión de avaliación correspondente.





Procedementos de recuperación ordinarios

- Tratándose de ensino con avaliación continua, o alumnado poderá recuperar cada avaliación acadando os contidos mínimos establecidos nesta programación para a seguinte avaliación.

Probas extraordinarias de setembro

Para superar as probas de cada curso, o alumno deberá superar os contidos mínimos esixibles establecidos na presente programación, seguindo as indicacións da proposta de actividades de recuperación presentes no informe de avaliación negativa que lle será entregado polo profesor no mes de xuño.

5.8.5 Recursos didácticos

- Escalas e arpexos
 - ✓ Sevcik. Escalas e arpexos
 - ✓ C. Flesch: El sistema de escalas.
 - ✓ Forbes, W.: A third book of scales and arpeggios for viola players. OUP
- Estudos e métodos.
 - ✓ - Kayser: Estudos Op. 20
 - ✓ - Kreutzer: 42 Estudos.
 - ✓ - Fiorillo: 31 Estudos.
 - ✓ - Sevcik. Op.1, op.2 , op.7 op. 9 e op. 8
 - ✓ Sitt, H.: Estudos de dobres cordas, op. 32.
 - ✓ Polo, E.: 30 estudos de dobres cordas.
 - ✓ Chailley, M. T.: 20 estudos expresivos en dobres cordas.
 - ✓ Hofmann, R.: Estudos melódicos en dobres cordas.
 - ✓ H. Whistler: "Introducing the positions" Vol. I e II.
 - ✓ Hoffmeister, F. A.: Estudos para viola.
 - ✓ Campagnoli: 41 Caprices.
 - ✓ Mazas: Estudos especiais op.36.
 - ✓ Specimen Sightreading Test (ABRSM), Grados 6-8
 - ✓ Bruni, A. B.: 25 estudos para viola.





- ✓ Schradieck. "Escola da técnica de viola" Vol. I, II e III.
- Pezas e concertos
 - ✓ Bach, J. S.: Suites nº 2 e 3.
 - ✓ A. Corelli: Folia.
 - ✓ Telemann, G. P.: 12 Fantasías (transcripción do violín).
 - ✓ Telemann, G. P.: 6 sonatas
 - ✓ Bach, C. P. E.: Sonata para viola e cémbalo en sol menor. Schott.
 - ✓ Graun, J. G.: Sonata nº 1 para viola e cémbalo en Si b Maior.
 - ✓ Glazunov, A.: Elexía, op. 44.
 - ✓ Bloch, E.: Meditación e Procesional.
 - ✓ Hindemith, P.: Trauermusik.
 - ✓ Zelter: Concerto en Mi b Maior.
 - ✓ Bach, J.C - Casadesus.: Concerto para viola en do menor.
 - ✓ Schubert, J.: Concerto para viola en Do Maior.
 - ✓ Pleyel, I.: Concerto para viola op.31.
 - ✓ Accolay: Concerto nº 1.
 - ✓ Beethoven: Romanza en Fa Maior.
 - ✓ Haendel-Casadesus: Concerto en si menor.
 - ✓ Bruni, A. B.: 3 sonatas. Schott.
 - ✓ Stamitz, C.: Sechs duette für zwei Violen. Schott.
 - ✓ Nardini, P.: 6 dúos. Schott.
 - ✓ Métodos e pezas que o profesor considere axeitadas.

5.9 Curso: 5º de grao profesional

5.9.1 Obxectivos para o 5º curso de grao profesional

- Afondar no ton muscular, na respiración e na liberdade de movementos implicados na execución instrumental.
- Manter hábitos de estudo que permitan desenvolver capacidades técnico-artísticas, aplicando progresivamente e con autonomía os coñecementos musicais, valorando o propio rendemento e o tempo empregado no estudo.
- Continuar o desenvolvemento técnico-artístico do instrumento, tanto do arco como da man esquerda: Articulación, fraseo, dixitación, etc.
- Controlar permanentemente a afinación e perfeccionar continuamente a calidade sonora.
- Continuar co traballo de cambios de posición.
- Conseguir un vibrato de calidade que sexa versátil.





- Perfeccionar os golpes de arco traballados (detaché, martelé, staccato, spiccato, saltillo...) e practicar os golpes de arco virtuosos como ricochet e spiccato volante.
- Desenvolver a velocidade e articulación da man esquerda.
- Estudar as dobres cordas de xeito sistemático: 8ª/2ª, 3ª, 6ª e 4ªs.
- Tocar escalas e arpejos de tres oitavas con diferentes golpes de arco e velocidades.
- Interpretar un repertorio solístico e de conxunto que inclúa obras representativas de diferentes épocas e estilos de unha dificultade axeitada o nivel.
- Aplicar os coñecementos harmónicos, formais e históricos na busca de unha interpretación artística de calidade e como vía do reforzo da memoria.
- Adquirir cada vez un maior autocontrol na experiencia de tocar en público como solista e en conxunto, fomentando a memorización do repertorio.
- Desenvolvela capacidade da lectura a primeira vista.
- Fomentar o hábito de escoitar música para adquirir progresivamente criterios interpretativos.
- Afondar nas capacidades expresivas do instrumento e das obras.

5.9.2 Contidos

- Traballo sobre a calidade do son, tendo en conta o peso, a velocidade e punto de contacto, e os distintos tipos de vibrato.
- Escalas e arpejos sobre unha corda con diferentes ritmos, velocidades e golpes de arco.
- Escalas en tres oitavas cos seus arpejos e dobres cordas: Do m, Re M e m, Mib M, Mi M e m, Fa M e m, Sol M.
- Traballo sobre os cambios de posición.
- Aplicación das posibilidades sonoras e expresivas no contexto musical, estético, formal e histórico das obras interpretadas.
- Dobres cordas: 3ª/7ª, 6ª/4ª e 8ª/2ªs.
- Acordes de tres e catro notas.
- Traballo dos golpes e arcos virtuosísticos, ricochet, arco Viotti, de staccato volante e a corda, etc.
- Aplicación de diversos patróns rítmicos, articulacións e diferentes golpes de arco no estudio de escalas, estudos e pasaxes concretos das obras.
- Exercicios con harmónicos naturais e artificiais.
- Traballo do fraseo tendo en conta os diferentes estilos, a harmonía, a agónica e a dinámica.
- Continuación do adestramento da memoria e da lectura a vista.
- Audicións comparadas de obras de diferentes estilos e diferentes intérpretes para analizar de maneira crítica as características das diferentes versións.





- Traballo das obras de repertorio propostas para este curso con calidades e concordancia o estilo a que pertencen.
- Afondamento nos principios de autopercepción, sensación corporal, auto escoita, e autoanálise a hora de lograr una autonomía cada vez maior no estudio.

Temporalización e secuenciación dos contidos:

- 1º trimestre. Traballo sobre a calidade do son, tendo en conta o peso, a velocidade e punto de contacto, e os distintos tipos de vibrato. Harmónicos naturais e artificiais. Escalas en posición fixa, sobre unha corda, en tres oitavas, etc.. Arpexos. Estudio das dobres cordas. Aplicación dos diversos patróns rítmicos, articulacións e diferentes golpes de arco a tódolos aspectos do estudio da técnica. Traballo das obras e estudos do curso.
- 2º trimestre: Traballo dos cambios de posición e dos golpes de arco. Dobres cordas: 8ª/2ª, 6ª/4ªs. Traballo do fraseo tendo en conta os diferentes estilos, a harmonía, a agóxica e a dinámica das pezas e estudos. Continuación do adestramento da memoria e da lectura a vista. Continuación do traballo das obras e estudos do curso. Afondamento nos principios de autopercepción, sensación corporal, autoescoita, e autoanálise a hora de lograr unha autonomía cada vez maior no estudio.
- 3º trimestre: Afondamento na técnica, tanto de man esquerda como de man dereita. Aplicación de golpes de arco complexos ó estudio das escalas. Audicións comparadas de obras de diferentes estilos e diferentes intérpretes para analizar de maneira crítica as características das diferentes versións. Perfeccionamento dos aspectos técnicos e interpretativos das obras e estudos traballados durante o curso

5.9.3 Avaliación

Criterios de avaliación

- Mostrar un grao de asimilación dos conceptos técnicos, tanto do brazo dereito (Suxeición, condución, golpes de arco á corda e saltados, acordes, etc.), así como da man esquerda (articulación, cambios de posición, vibrato, desenvolvemento das dobres cordas etc.) e a coordinación de ambos brazos acorde os contidos tratados en cada curso.
- Mostrar unha autonomía progresivamente maior na resolución de problemas técnicos e interpretativos propios do seu curso.
- Tocar tres escala en tres oitavas e os seus arpexos con boa afinación e bo son, tendo en conta unha boa distribución do arco, cambios de posición fluídos e cambios de corda limpos, en catro, seis, oito, doce e vinte catro por arco para a escala e nove para os arpexos.
- Tocar unha escala con diferentes ritmos e golpes de arco: detaché, staccato, legato, spiccato, saltillo e diferentes combinacións, con boa afinación, bo ritmo e limpeza de son.





- Tocar escalas en dobres cordas: sextas, terceiras e oitavas.
- Saber empregar o vibrato con variedade e bo gusto en estudos e obras.
- Demostrar sensibilidade na a afinación e na calidade do son.
- Interpretar un repertorio que inclúa estudos e obras para solista o con acompañamento de piano, empregando a técnica e os criterios estéticos adquiridos.
- Memorizar a práctica totalidade do repertorio, e interpretar pezas de memoria en público.
- Mostrar en cada clase a capacidade de aprendizaxe progresivo e los hábitos de estudio adquiridos.
- Tocar exercicios de lectura a vista conforme aos niveis propios do curso.

Mínimos esixibles

- Tres escalas en tres oitavas con arpejos e dobres cordas (terceiras, sextas e oitavas). As escalas interpretaranse ligadas de 4, 8, 12 e 24, os arpejos ligados de 9 e as dobres cordas ligadas de 2.
- Tres estudos (dos cales un deberase interpretar de memoria, outro será de dobres cordas e un terceiro será un estudio con variacións).
- Viola soa: 3 movementos das Suites de J.S. Bach, dous movementos das Sonatas e Partitas de J.S. Bach ou a Pasacaglia de Biber.
- Unha peza de carácter virtuoso.
- Un movemento de Sonata con piano.
- Primeiro movemento dun concerto con cadencia de memoria.
- Lectura a primeira vista dun fragmento acorde ao nivel.
- Dúas audicións públicas como mínimo.
- Dúas audicións técnicas segundo o criterio do profesor.

Procedementos e ferramentas de avaliación

O proceso de avaliación comporta a realización de probas específicas, pero sobre todo, unha observación das actividades cotiás, que se realizan ao longo do curso para detectar problemas e establecer medidas para solucionarlos. É fundamental valorar tanto os procedementos, como as actitudes, así como o conceptos que se van adquirindo. No desenvolvemento de capacidades e habilidades musicais os procesos de precisión, calidade sonora, capacidade de comprensión formal e gusto pola interpretación ben feita van implícitas a valoración do propio traballo individual e o desenvolvemento da propia responsabilidade persoal.

Realizarase unha avaliación inicial ó principio do curso para planificar o traballo que debe realizar cada alumno. A avaliación será continua durante todo o curso, ou sexa, procesual, e haberá unha avaliación





final ó termo de cada ciclo no caso do final do grao elemental e dos tres ciclos do grao medio. Ó termo do grao elemental e profesional haberá unha proba perante un tribunal que xulgue a capacidade do alumno para o acceso ó novo grao.

O procedemento de avaliación continua realizarase por un lado, nas clases semanais de aula. Para tal fin o profesorado da materia empregará unhas fichas de observación sistemática do alumno, a cal permitirá un seguimento do seu progreso e destrezas. Tamén se incluírá neste proceso as clases colectivas, audicións, concertos, e probas técnicas específicas que teñan lugar durante o curso. Para a avaliación dos obxectivos acadados e contidos asimilados, empregárase unha ficha de avaliación do alumno. Estas fichas detállanse máis abaixo:

Haberá tamén unha coavaliación que implique a todo o grupo de alumnos entre si (clases colectivas), incluíndo a autoavaliación e a avaliación do outro, sempre dende un punto de vista construtivo.

O mesmo profesor tamén deberá realizar unha autoavaliación do seu traballo segundo os progresos que teñan os seus alumnos, e o seu grao de motivación.

O profesorado dispón dun modelo de Ficha de observación sistemática do alumno que figura no Anexo I.

Criterios de cualificación

PARTE TÉCNICA:

- a. Control do ritmo e medida das figuras.
- b. Grao de dificultade do repertorio.
- c. Afinación e calidade do son.
- d. Claridade na dixitación.
- e. Control das articulacións e golpes de arco.

PARTE INTERPRETATIVA:

- Calidade do son.
- Respecto ós estilos interpretativos , tempos e articulacións das obras.
- Capacidade da realización das diferentes dinámicas
- Capacidade interpretativa e de adaptación na práctica musical de grupo.

9 – 10 Interpretación realizada con seguridade técnica e autoridade musical.

Excelente precisión e fluidez na interpretación.

Realización musical de tódolos detalles escritos na partitura.

Excelente afinación.

Excelente produción, flexibilidade e proxección do son.

Tempo musicalmente convincente e mantido.





Sentido instintivo e comunicativo da interpretación.

7 – 8 Precisión e fluidez xeral na interpretación.

Atención aos detalles escritos na partitura.

Boa calidade, flexibilidade e proxección do son.

Tempo axeitado e mantido.

Correcto uso do fraseo, das dinámicas e da articulación.

Sentido comunicativo da interpretación.

5 – 6 Seguridade global dentro dun tempo axeitado e ben mantido.

Tecnicamente axeitado.

Limitacións no uso de recursos musicais.

Calidade, flexibilidade e proxección do son aceptable.

Evidencia dunha coidadosa preparación.

4 Xusto por debaixo do nivel aceptable de precisión en xeral.

Errores na afinación e no ritmo.

Son probe, con flexibilidade limitada e ausencia de expresión.

Algúns tropezos ou interrupcións.

Falta de fraseo, dinámica e articulación.

Tempo non axeitado ou non mantido.

Estilo non apropiado.

Evidencia na falta de preparación.

2 – 3 Serias dificultades coas notas e/ou o ritmo

Ausencia de detalles musicais.

Seria falta de control no son.

Soamente algunhas pasaxes dominadas.

Incapaz de continuar sen erros máis dunha breve parte.

Tecnicamente non axeitado.

1 Non presenta traballo algún.

Porcentaxes de cualificación:

30%- Interpretación





20%- Posición/ Técnica

15%- Son

15%- Afinación

20%- Estudo

Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

O procedemento para a solicitude e resolución de ampliación de matrícula pódese consultar nas N.O.F do Centro (dispoñibles na páxina web).

Para a concesión da ampliación de matrícula na materia de viola, o profesor/a da materia realizará unha proba consistente na interpretación dun repertorio que incluírá alo menos as obras, escalas, exercicios e ou estudos indicados nesta programación nos mínimos esixibles do curso avaliado, sendo aplicados os criterios de avaliación e cualificación indicados nesta programación para dito curso. A proba valorarase de 1 a 10 sendo a cualificación positiva a partir de 5.

5.9.4 Medidas de recuperación

Plans de traballo para a superación de materias pendentes: O profesorado valorará a idoneidade das seguintes medidas:

- Programación de tarefas de carácter individual para o reforzamento dos puntos débiles de cada alumno
- Adaptación das U. D. específicas aos requirimentos dos alumnos con problemas concretos.
- Realización de actividades complementarias de reforzo como :
- Clases de reforzo fora do horario establecido.
- Asistencia como oínte a clases de outros alumnos.
- Cambio temporal de profesor.
- Programación da practica semanal baixo supervisión do seus pais/nais ou titores/as.

Nos casos en que, de acordo co procedemento disposto nas Normas de Organización e Funcionamento vixentes, o profesorado da materia considere que non ten os datos necesarios para avaliar a algún alumno/a de xeito continuo por mor das faltas de asistencia reiteradas, convocará a dito alumno/a para a realización dunha única proba na semana de exames previa a todas as sesións de avaliación. Neste caso o alumno ou alumna será convocado para dita proba cunha semana de antelación, alomenos.

Será o criterio do profesor ou profesora o que determine se un alumno ou alumna non pode ser avaliado seguindo os procedementos ordinarios da avaliación continua pero, en todo caso, o número de ausencias do alumno ou alumna deberá ser superior ao 50% das sesións de clase do trimestre.

A proba consistirá na interpretación do repertorio/escalas/estudos e ou exercicios indicados nesta programación para cada trimestre na temporalización do curso que corresponda.

Os criterios de cualificación de dita proba serán os fixados nesta programación para o curso que corresponda.





A non asistencia á proba será cualificada coa nota mínima (1) por parte do profesorado da materia na sesión de avaliación correspondente.

Procedementos de recuperación ordinarios

- Tratándose de ensino con avaliación continua, o alumnado poderá recuperar cada avaliación acadando os contidos mínimos establecidos nesta programación para a seguinte avaliación.

Probas extraordinarias de setembro

Para superar as probas de cada curso, o alumno deberá superar os contidos mínimos esixibles establecidos na presente programación, seguindo as indicacións da proposta de actividades de recuperación presentes no informe de avaliación negativa que lle será entregado polo profesor no mes de xuño.

5.9.5 Recursos didácticos

- Escalas e arpexos
 - ✓ Sevcik. Escalas e arpexos
 - ✓ C. Flesch: El sistema de escalas.
- Estudos e métodos
 - ✓ Kreutzer: 42 Estudos.
 - ✓ Fiorillo: 31 Estudos.
 - ✓ Sevcik. Op.1, op.2 , op.7 op. 9 e op. 8
 - ✓ Sitt, H.: Estudos de dobres cordas, op. 32.
 - ✓ Polo, E.: 30 estudos de dobres cordas.
 - ✓ Chailley, M. T.: 20 estudos expresivos en dobres cordas.
 - ✓ Hofmann, R.: Estudos melódicos en dobres cordas.
 - ✓ H. Whistler: "Introducing the positions" Vol. I e II.
 - ✓ Hoffmeister, F. A.: Estudos para viola.
 - ✓ Campagnoli: 41 Caprices.
 - ✓ Mazas: Estudos especiais op.36.
 - ✓ Specimen Sightreading Test (ABRSM), Grados 6-8
 - ✓ Bruni, A. B.: 25 estudos para viola.
 - ✓ Schradieck. "Escola da técnica de viola" Vol. I, II e III.
- Pezas e concertos
 - ✓ Bach, J. S.: Suites nº 2, 3 e 4.
 - ✓ Telemann, G. P.: 12 Fantasías (transcrición do violín).





- ✓ Leclair, J.M.: 6 sonatas para dúas violas op.12
- ✓ Stamitz, C.: Sechs duette für Zwei Violen. Schott.
- ✓ Stamitz, C.: Sonata para viola en Si b Maior. Schott.
- ✓ Hummel, J.N.: Sonata para viola en Mi b Maior.
- ✓ Hummel, J.N.: Fantasía.
- ✓ Glazunov, A.: Elexía, op. 44.
- ✓ Hindemith, P.: Trauermusik.
- ✓ Bloch, E.: Meditación e Procesional.
- ✓ Zelter: Concerto en Mi b Maior.
- ✓ Bach, J.C - Casadesus: Concerto para viola en do menor.
- ✓ Pleyel, I.: Concerto para viola op.31.
- ✓ Schubert, J.: Concerto en Do Maior.
- ✓ Hoffmeister, F.A.: Concerto en Si b Maior.
- ✓ Beethoven: Romanzas orixinais para violín.
- ✓ Glinka, M.: Sonata para viola e piano.
- ✓ Schumann, R.: Adagio e Allegro para viola e piano.
- ✓ Accolay: Concerto nº 1.
- ✓ Bruni, A. B.: 3 sonatas. Schott.
- ✓ Nardini, P.: 6 dúos. Schott.
- ✓ H. I. V. Biber: Pasacaglia
- ✓ Métodos e pezas que o profesor considere axeitadas

5.10 Curso: 6º de grao profesional

5.10.1 Obxectivos para o 6º curso de grao profesional

- Desenvolver unha maior capacidade de estudio que permitan un meirande control das capacidades técnico-artísticas, aplicando progresivamente e con autonomía os novos coñecementos musicais, valorando o propio rendemento e o tempo empregado no estudio.
- Continuar o desenvolvemento técnico-artístico do instrumento, tanto do golpes de arco básicos e virtuosísticos, como o fraseo e a técnica da man esquerda: articulación, velocidade, dixitación, dobres cordas, cambios de posición, etc.
- Desenvolver a capacidade de aplicar unha dixitación propia e arqueo, seguindo as normas e patróns estéticos adecuados.
- Tocar escalas en tres oitavas cos seus arpejos e dobres cordas (sextas, terceiras e oitavas) con diferentes golpes de arco e velocidades.
-





- Controlar permanentemente a afinación e perfeccionar continuamente a calidade sonora.
- - Interpretar un repertorio solístico e de conxunto que inclúa obras representativas de diferentes épocas e estilos de unha dificultade axeitada ao nivel.
-
- Afondar na aplicación dos coñecementos harmónicos, formais, históricos e estéticos, na busca dunha interpretación artística de calidade.
-
- Adquirir cada vez un maior autocontrol necesario a través da experiencia de tocar en público como solista e en conxunto, fomentando a memorización do repertorio.
-
- Continuar a desenvolver a capacidade da lectura a primeira vista cada vez a un maior nivel.
- Continuar co hábito de escoitar música para afondar nos criterios interpretativos, e aplicar os novos coñecementos históricos, formais e estéticos na análise das obras estudadas.
- Afondar no dominio das capacidades expresivas do instrumento, tanto a nivel tímbrico como técnico, buscando dentro das características interpretativas das obras o descubrimento das capacidades expresivas e individuais na interpretación.

5.10.2 Contidos

- Traballo sobre a calidade do son, tendo en conta o peso, a velocidade e punto de contacto, e os distintos tipos de vibrato.
- Aplicación das posibilidades sonoras e expresivas no contexto musical, estético, formal e histórico das obras interpretadas.
- Escalas e arpexos en tres oitavas, escalas modais.
- Dobres cordas con 3ª/7ª, 6ª/4ª e 8ª/2ªs.
- Desenvolvemento dos acordes con extensións, arpexados, invertidos, etc.
- Afondamento na execución dos golpes e arco básicos e virtuosos.
- Aplicación de diversos patróns rítmicos, articulacións e diferentes golpes de arco dentro das escalas, estudos e pasaxes concretos das obras.
- Exercicios con harmónicos naturais e artificiais. Escalas con harmónicos artificiais.
- Traballo analítico do fraseo tendo en conta os diferentes estilos, a harmonía, a agónica, etc..
- Continuación do adestramento da memoria e da lectura a vista. Relación entre os aspectos formais e harmónicos coa memorización.
- Audicións comparadas de obras de diferentes estilos e diferentes intérpretes para analizar de maneira crítica as características das diferentes versións, analizando a estrutura formal e harmónica da obra.





- Desenvolvemento da polifonía no instrumento. Aplicación da escoita polifónica e da condución das diferentes voces.
- Traballo das obras de repertorio propostas para este curso.
- Afondamento nos principios de autopercepción, sensación corporal, auto escoita, e autoanálise a hora de lograr unha autonomía cada vez maior no estudio.

Temporalización e secuenciación dos contidos:

- 1º trimestre: Desenvolvemento da polifonía no instrumento. Aplicación da escoita polifónica e da condución das diferentes voces. Traballo das obras e estudos do repertorio propostas para este curso. Traballo analítico do fraseo tendo en conta os diferentes estilos, a harmonía, a agónica, etc.. Escalas e arpexios en tres oitavas, escalas modais. Escalas en dobres cordas. Desenvolvemento dos acordes con extensións. Afondamento na execución dos golpes e arco
- 2º trimestre: Traballo sobre a calidade do son, tendo en conta o peso, a velocidade e punto de contacto, e os distintos tipos de vibrato. Aplicación das posibilidades sonoras e expresivas no contexto musical, estético, formal e histórico das obras interpretadas. Aplicación de diversos patróns rítmicos, articulacións e diferentes golpes de arco dentro das escalas. Relación entre os aspectos formais e harmónicos coa memorización. Audicións comparadas de obras de diferentes estilos e diferentes intérpretes para analizar de maneira crítica as características das diferentes versións, analizando a estrutura formal e harmónica da obra
- 3º trimestre. Exercicios e escalas con harmónicos naturais e artificiais. Continuación do adestramento da memoria e da lectura a vista. Estudio das escalas con maior velocidade e co emprego de ritmos irregulares e máis complexos. Traballo das obras e dos estudos do repertorio propostas para este curso. Afondamento nos principios de autopercepción, sensación corporal, auto escoita, e autoanálise a hora de lograr unha cada vez maior autonomía no estudio. Aplicación dos devanditos principios á interpretación en público das obras programadas para este curso.

5.10.3 Avaliación

Criterios de avaliación

- Mostrar un grao de asimilación dos conceptos técnicos, tanto do brazo dereito (suxeición, condución, golpes de arco á corda e saltados, acordes, etc.), así como da man esquerda (articulación, cambios de posición, vibrato, desenvolvemento das dobres cordas etc.), e a coordinación de ambos brazos.
- Demostrar un dominio práctico das diferentes técnicas no repertorio estudado. Executar o repertorio co control permanente da afinación e calidade de son.





- Conservar unha postura corporal que permita unha correcta colocación do instrumento e favoreza a liberdade de movementos, un son de calidade e a coordinación de ambos brazos, nas diferentes técnicas asimiladas.
- Tocar tres escala en tres oitavas e os seus arpxos con boa afinación e bo son, tendo en conta unha boa distribución do arco, cambios de posición fluídos e cambios de corda limpos, en catro, seis, oito, doce e vinte catro por arco para a escala e nove para os arpxos.
- Tocar unha escala con diferentes ritmos e golpes de arco: detaché, staccato, legato, spiccato, saltillo e diferentes combinacións, con boa afinación, bo ritmo e limpeza de son.
- Tocar escalas en dobres cordas: sextas, terceiras e oitavas.
- Interpretar un repertorio que inclúa estudos, obras para solo, concertos, sonatas etc., empregando a técnica adquirida e os criterios estéticos aprendidos. Memorización e interpretación en público de ditas pezas.
- Demostrala capacidade de análise e desenvolvemento duns criterios interpretativos individuais dentro dos criterios axeitados a cada obra.
- Mostrar en cada clase a capacidade de aprendizaxe progresivo e os hábitos de estudio adquiridos, así como a autonomía na resolución de problemas técnicos e interpretativos.

Mínimos esixibles

- Tres escalas en tres oitavas con arpxos e dobres cordas (terceiras, sextas e oitavas). As escalas interpretaranse ligadas de 4, 8, 12 e 24, os arpxos ligados de 9 e as dobres cordas ligadas de 4.
- Tres estudos (dos cales un deberase interpretar de memoria, outro será de dobres cordas e un terceiro será un estudio con variacións).
- Viola soa: 3 movementos das Suites de J.S. Bach, dous movementos das Sonatas e Partitas de J.S. Bach ou a Pasacaglia de Biber.
- Unha peza de carácter virtuoso.
- Dous movementos de sonata.
- Un Concerto con Cadencia que deberá interpretarse de memoria.
- Dúas audicións públicas.
- Dúas audicións técnicas segundo criterio do profesor.
- Lectura a primeira vista dun fragmento acorde ao nivel.





Procedementos e ferramentas de avaliación

O proceso de avaliación comporta a realización de probas específicas, pero sobre todo, unha observación das actividades cotiás, que se realizan ao longo do curso para detectar problemas e establecer medidas para solucionarlos. É fundamental valorar tanto os procedementos, como as actitudes, así como o conceptos que se van adquirindo. No desenvolvemento de capacidades e habilidades musicais os procesos de precisión, calidade sonora, capacidade de comprensión formal e gusto pola interpretación ben feita van implícitas a valoración do propio traballo individual e o desenvolvemento da propia responsabilidade persoal.

Realizarase unha avaliación inicial ó principio do curso para planificar o traballo que debe realizar cada alumno. A avaliación será continua durante todo o curso, ou sexa, procesual, e haberá unha avaliación final ó termo de cada ciclo no caso do final do grao elemental e dos tres ciclos do grao medio. Ó termo do grao elemental e profesional haberá unha proba perante un tribunal que xulgue a capacidade do alumno para o acceso ó novo grao.

O procedemento de avaliación continua realizarase por un lado, nas clases semanais de aula. Para tal fin o profesorado da materia empregará unhas fichas de observación sistemática do alumno, a cal permitirá un seguimento do seu progreso e destrezas. Tamén se incluírá neste proceso as clases colectivas, audicións, concertos, e probas técnicas específicas que teñan lugar durante o curso. Para a avaliación dos obxectivos acadados e contidos asimilados, empregarase unha ficha de avaliación do alumno. Estas fichas detállanse máis abaixo:

Haberá tamén unha coavaliación que implique a todo o grupo de alumnos entre si (clases colectivas), incluíndo a autoavaliación e a avaliación do outro, sempre dende un punto de vista construtivo.

O mesmo profesor tamén deberá realizar unha autoavaliación do seu traballo segundo os progresos que teñan os seus alumnos, e o seu grao de motivación.

O profesorado dispón dun modelo de Ficha de observación sistemática do alumno que figura no Anexo I.

Criterios de cualificación

PARTE TÉCNICA:

- a. Control do ritmo e medida das figuras.
- b. Grao de dificultade do repertorio.
- c. Afinación e calidade do son.
- d. Claridade na dixitación.
- e. Control das articulacións e golpes de arco.

PARTE INTERPRETATIVA:

- Calidade do son.





- Respecto ós estilos interpretativos , tempos e articulacións das obras.
- Capacidade da realización das diferentes dinámicas
- Capacidade interpretativa e de adaptación na práctica musical de grupo.

9 – 10 Interpretación realizada con seguridade técnica e autoridade musical.

Excelente precisión e fluidez na interpretación.

Realización musical de tódolos detalles escritos na partitura.

Excelente afinación.

Excelente produción, flexibilidade e proxección do son.

Tempo musicalmente convincente e mantido.

Sentido instintivo e comunicativo da interpretación.

7 – 8 Precisión e fluidez xeral na interpretación.

Atención aos detalles escritos na partitura.

Boa calidade, flexibilidade e proxección do son.

Tempo axeitado e mantido.

Correcto uso do fraseo, das dinámicas e da articulación.

Sentido comunicativo da interpretación.

5 – 6 Seguridade global dentro dun tempo axeitado e ben mantido.

Tecnicamente axeitado.

Limitacións no uso de recursos musicais.

Calidade, flexibilidade e proxección do son aceptable.

Evidencia dunha coidadosa preparación.

4 Xusto por debaixo do nivel aceptable de precisión en xeral.

Errores na afinación e no ritmo.

Son probe, con flexibilidade limitada e ausencia de expresión.

Algúns tropezos ou interrupcións.

Falta de fraseo, dinámica e articulación.

Tempo non axeitado ou non mantido.

Estilo non apropiado.

Evidencia na falta de preparación.

2 – 3 Serias dificultades coas notas e/ou o ritmo





Ausencia de detalles musicais.
Seria falta de control no son.
Soamente algunhas pasaxes dominadas.
Incapaz de continuar sen erros máis dunha breve parte.
Técnicamente non axeitado.

1 Non presenta traballo algún.

Porcentaxes de cualificación:

- 30%- Interpretación
- 20%- Posición/ Técnica
- 15%- Son
- 15%- Afinación
- 20%- Estudo

5.10.4 Medidas de recuperación

Plans de traballo para a superación de materias pendentes: O profesorado valorará a idoneidade das seguintes medidas:

- Programación de tarefas de carácter individual para o reforzamento dos puntos débiles de cada alumno
- Adaptación das U. D. específicas aos requirimentos dos alumnos con problemas concretos.
- Realización de actividades complementarias de reforzo como :
- Clases de reforzo fora do horario establecido.
- Asistencia como oínte a clases de outros alumnos.
- Cambio temporal de profesor.
- Programación da practica semanal baixo supervisión do seus pais/nais ou titores/as.

Nos casos en que, de acordo co procedemento disposto nas Normas de Organización e Funcionamento vixentes, o profesorado da materia considere que non ten os datos necesarios para avaliar a algún alumno/a de xeito continuo por mor das faltas de asistencia reiteradas, convocará a dito alumno/a para a realización dunha única proba na semana de exames previa a todas as sesións de avaliación. Neste caso o alumno ou alumna será convocado para dita proba cunha semana de antelación, alomenos.

Será o criterio do profesor ou profesora o que determine se un alumno ou alumna non pode ser avaliado seguindo os procedementos ordinarios da avaliación continua pero, en todo caso, o número de ausencias do alumno ou alumna deberá ser superior ao 50% das sesións de clase do trimestre.





A proba consistirá na interpretación do repertorio/escalas/estudos e ou exercicios indicados nesta programación para cada trimestre na temporalización do curso que corresponda.

Os criterios de cualificación de dita proba serán os fixados nesta programación para o curso que corresponda.

A non asistencia á proba será cualificada coa nota mínima (1) por parte do profesorado da materia na sesión de avaliación correspondente.

Procedementos de recuperación ordinarios

- Tratándose de ensino con avaliación continua, o alumnado poderá recuperar cada avaliación acadando os contidos mínimos establecidos nesta programación para a seguinte avaliación.

Probas extraordinarias de setembro

Para superar as probas de cada curso, o alumno deberá superar os contidos mínimos esixibles establecidos na presente programación, seguindo as indicacións da proposta de actividades de recuperación presentes no informe de avaliación negativa que lle será entregado polo profesor no mes de xuño.

5.10.5 Recursos didácticos

- Escalas e arpexos
 - ✓ Sevcik. Escalas e arpexos
 - ✓ C. Flesch: El sistema de escalas.
- Estudos e métodos.
 - ✓ Kreutzer: 42 Estudos.
 - ✓ Fiorillo: 31 Estudos.
 - ✓ Sevcik. Op.1, op.2 , op.7 op. 9 e op. 8
 - ✓ Sitt, H.: Estudos de dobres cordas, op. 32.
 - ✓ Polo, E.: 30 estudos de dobres cordas.
 - ✓ Chailley, M. T.: 20 estudos expresivos en dobres cordas.
 - ✓ H. Whistler: "Introducing the positions" Vol. I e II.
 - ✓ Hoffmeister, F. A.: Estudos para viola.
 - ✓ Campagnoli: 41 Caprices.
 - ✓ Mazas: Estudos especiais op.36.
 - ✓ Specimen Sightreading Test (ABRSM), Grados 6-8
 - ✓ Rode: 24 caprichos para viola solo.





✓ Schradieck. "Escola da técnica de viola" Vol. I, II e III.

• Pezas e concertos

- 1) Bach, J. S.: Suites orixinais para violonchelo.
- 2) Bach, J. S.: Sonatas e Partitas orixinais para violín.
- 3) Telemann, G. P.: 12 Fantasías (transcrición do violín).
- 4) Leclair, J.M.: 6 sonatas para dous violas op.12
- 5) Stamitz, C.: Sechs duette für Zwei Violen. Schott.
- 6) Stamitz, C.: Sonata para viola en Si b Maior. Schott.
- 7) Hummel, J.N.: Sonata para viola en Mi b Maior.
- 8) Hummel, J.N.: Fantasía.
- 9) Beethoven: Romanzas orixinais para violín.
- 10) Hindemith, P.: Trauermusik.
- 11) Bloch, E.: Meditación e Procesional.
- 12) Bach, J.C - Casadesus: Concerto para viola en do menor.
- 13) Stamitz, C.: Concerto en Re Maior.
- 14) Schubert, J.: Concerto en Do Maior.
- 15) Hoffmeister, F.A.: Concerto en Si b Maior.
- 16) Hoffmeister, F.A.: Concerto en Re Maior.
- 17) Glinka: Sonata para viola e piano
- 18) Schubert, F.: Sonata "Arpeggione" (1º e 2º movementos)
- 19) Schumann, R.: Adagio e Allegro.
- 20) Bruch, M.: Romanza para viola.
- 21) Nardini, P.: 6 dúos. Schott.
- 22) H. I. V. Biber: Pasacaglia
- 23) Jacob, G.: Variacións para viola soa.
- 24) Reger, M.: Suites para viola soa.
- 25) Métodos e pezas que o profesor considere axeitadas.





6. **Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica**

O departamento de corda, en reunión ordinaria de carácter mensual, procederá a avaliar o seguimento da programación didáctica polo profesorado e alumnado. A tal efecto, el profesorado dispón duna ficha de observación sistemática do alumnado, duna ficha de avaliación do mesmo (ambas no anexo I desta programación) e dun caderno de aula.

No caso de atopar problemas para o correcto seguimento da programación, o profesorado poderá propoñer unha adaptación curricular para o alumnado afectado.

7. **Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento**

No comezo do curso escolar o Departamento de Corda establecerá o protocolo oportuno para a realización da avaliación interna do mesmo.





8. ANEXOS

8.1 Probas de acceso 1º de grao profesional

As probas constarán de dous exercicios, que teñen carácter eliminatorio e que consisten en:

A) Interpretación, de tres obras pertencentes a distintos estilos, podendo ser unha delas un estudio das cales, como mínimo, unha deberá interpretarse de memoria. (debe consultarse o listado orientativo de obras de 4º de Grao Elemental reflectido na presente programación)

B) Exercicio para avaliar a capacidade auditiva do alumnado e os seus coñecementos teóricos e prácticos da linguaxe musical. .

Para superar a proba cumpre ter unha cualificación mínima de cinco puntos sobre dez en cada un dos exercicios. A puntuación definitiva será a media ponderada da cualificación obtida nos dous exercicios, cos seguintes porcentaxes: 70% o exercicio A e 30 % o exercicio B.

OBSERVACIÓNS

- Para a realización do exercicio A da proba naquelas obras que así o requiran, os aspirantes deberán aportar os seus músicos acompañantes.
- Os aspirantes deberán presentarse con partituras orixinais e provistos do DNI e do resguardo da inscrición.
- Os alumnos deberán aportar as partituras orixinais para a súa interpretación perante o tribunal e dúas copias das mesmas, así como un listado por escrito do repertorio a interpretar.
- A parte teórica da proba B de linguaxe musical terá lugar ao día seguinte da proba práctica.
- Para a realización das probas escritas, os alumnos deben traer bolígrafo, lápiz e goma.

CONTIDOS E CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Os CONTIDOS que os aspirantes deben demostrar e que serán avaliados e cualificados nesta proba corresponden cos descritos para 4º curso de grao elemental na presente programación, que son os seguintes:

- Perfeccionamento e asimilación dos contidos dos cursos anteriores.
- Aprendizaxe dos elementos expresivos básicos da música. O estilo, os matices e as dinámicas.
- Estudio sistemático das tres primeiras posicións e dos cambios de posición e inicio do traballo de posicións máis altas.
 - Desenvolvemento do vibrato.
 - Control dos distintos recursos expresivos: vibrato, glissando, portamento e diferentes ataques.
 - Estudio dos golpes de arco básicos: detaché, legato, martelé, staccato lento e portato, coas súas combinacións, ademais do perfeccionamento do spiccato





- Escalas en dúas oitavas con cambios de posición e arpejos, con diferentes golpes de arco. Iniciación ás tres oitavas na viola (Do M).
- Ampliación do traballo das dobres cordas.
- Iniciación aos acordes de 3 e 4 notas.
- Exercicios de articulación da man esquerda e de desenvolvemento da velocidade. Trilos e outras ornamentacións.
- Técnicas de estudo e memorización.
- Lectura a primeira vista.
- Lectura en Do en 3ª e Sol.
- Estructuras formais das obras interpretadas polo alumno.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Os seguintes criterios de avaliación aplicaranse a cada unha das obras ou estudos que compoñen as probas de acceso.

1. Colocación corporal:

Este criterio permite valorar a posición corporal do alumno, a súa capacidade psicomotriz, a correcta colocación do instrumento e de ambas mans.

2. Técnica do instrumento:

Este criterio permite valorar o grao de dominio técnico do alumno e a correcta utilización das posibilidades do seu instrumento.

a) Técnica do arco: golpes de arco; cambios de corda; diferentes articulacións, etc.

b) Técnica da man esquerda: afinación; articulación, etc.

3. Técnica xeral:

Este criterio permite valorar os recursos do alumno para interpretar con corrección unha partitura e o seu grao de asimilación: memoria; calidade do son; afinación; concentración, etc.

4. Musicalidade e interpretación:

Este criterio permite valorar a comprensión que ten o alumno da obra así como a súa capacidade apra expresar a través do seu instrumento: tempo; fraseo; matices, etc.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

1. Colocación corporal: 20%
2. Técnica do instrumento: 35%
3. Técnica xeral: 20%
4. Musicalidade e interpretación: 25%





LEXISLACIÓN APLICABLE:

Orde do 28 de xullo de 2008 pola que se regulan as probas de acceso ás ensinanzas profesionais de música. Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música. Circular 15/2011 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.

8.2 Probas de acceso a 2º, 3º e 4º cursos de grao elemental

A proba de acceso de 2º, 3º e 4º de Grao Elemental avaliará a capacidade e os coñecementos dos aspirantes. As probas constarán de dous exercicios, que teñen carácter eliminatorio e que consisten en:

A) Instrumento: Interpretación de dúas obras de libre elección e unha obra ou exercicio a primeira vista proposto polo tribunal, do nivel correspondente ao curso inmediatamente anterior ao que se opte(debe consultarse a listaxe de obras orientativas do curso inmediatamente anterior ao que se presente reflectido na presente programación).

B) Exercicio teórico-práctico para avaliar a capacidade auditiva e vocal, así como os coñecementos de linguaxe musical.

A cualificación da proba de acceso efectuarase dacordo co seguinte:

a) Cada un dos dous exercicios dos que se compón a proba de acceso cualificarase cunha puntuación entre 0 e 10 puntos, cun máximo dun decimal. Será necesaria unha cualificación numérica mínima de 5 puntos para considerar suoperado o exercicio correspondente.

b) A puntuación definitiva da proba de acceso será a media ponderada das cualificacións obtidas nos dous exercicios, ponderándose o primeiro deles nun 60% e o segundi nun 40%.

c) Dado o carácter global da proba de acceso, a non presentación a algún dos exercicios suporá a renuncia dos aspirantes a seren cualificados.

OBSERVACIÓNS

- A idade dos aspirantes deberá estar comprendida entre os 8 e os 14 anos cumpridos ou por cumprir dentro do ano natural

- Para a realización do exercicio A da proba naquelas obras que así o requiran, os aspirantes deberán aportar os seus músicos acompañantes.

- Os aspirantes deberán presentar, a petición do tribunal, o DNI ou documento acreditativo equivalente, así como o resguardo da solicitude de admisión nas probas de acceso.





- Os alumnos deberán aportar as partituras orixinais para a súa interpretación perante o tribunal e dúas copias das mesmas, así como unha listaxe por escrito do repertorio a interpretar.
- A parte teórica da proba B de linguaxe musical terá lugar ao día seguinte da proba práctica.
- Para obter a cualificación mínima de 5 esixírase cumprir, en cada unha das obras ou estudos presentados, os obxectivos e contidos mínimos establecidos para o curso inmediatamente anterior ao que se presenta (recollidos na programación didáctica).
- Os aspirantes interpretarán, polo menos, unha das obras ou estudo de memoria.
- Nas programacións didácticas pódese consultar a relación de obras e estudos proposta para cada curso, sendo esta orientativa, podéndose presentar un repertorio de similar dificultade.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Os seguintes criterios de avaliación aplicaranse a cada unha das obras ou estudos que compoñen as probas de acceso.

1. Colocación corporal:

Este criterio permite valorar a posición corporal do alumno, a súa capacidade psicomotriz, a correcta colocación do instrumento e de ambas mans.

2. Técnica do instrumento:

Este criterio permite valorar o grao de dominio técnico do alumno e a correcta utilización das posibilidades do seu instrumento.

a) Técnica do arco: golpes de arco; cambios de corda; diferentes articulacións, etc.

b) Técnica da man esquerda: afinación; articulación, etc.

3. Técnica xeral:

Este criterio permite valorar os recursos do alumno para interpretar con corrección unha partitura e o seu grao de asimilación: memoria; calidade do son; afinación; concentración, etc.

4. Musicalidade e interpretación:

Este criterio permite valorar a comprensión que ten o alumno da obra así como a súa capacidade para expresar a través do seu instrumento: tempo; fraseo; matices, etc.

5. Lectura a primeira vista:

Este criterio permite valorar a capacidade do alumno de interpretar un fragmento a primeira vista: ritmo; afinación; tempo; carácter, etc.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN





1. Colocación corporal: 20%
2. Técnica do instrumento: 35%
3. Técnica xeral: 20%
4. Musicalidade e interpretación: 15%
5. Lectura a primeira vista: 10%

Lexislación aplicable:

Decreto 198/2007, do 27 de setembro, polo que se establece a ordenación do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música. Circular 4/2008 pola que se regulan as probas de acceso ao grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música.

8.3 Probas de acceso a 2º, 3º, 4º, 5º e 6º cursos de grao profesional

REQUISITOS

Pódese acceder a calquer curso das ensinanzas profesionais sen ter cursados os anteriores. Non hai límite de idade.

DESENVOLVEMENTO DAS PROBAS

As probas constarán de dous exercicios, que teñen carácter eliminatorio e que consisten en:

A) Interpretación, no instrumento de tres obras de distintos estilos, do nivel correspondente ao curso inmediatamente anterior ao que se opte e das cales, como mínimo, unha deberá interpretarse de memoria.

B) Exercicio teórico-práctico para valorar os coñecementos do resto das materias dos cursos anteriores ao que se opte. E dicir, de todas as materias dende as de 1º Curso de Grao Profesional ata as do curso inmediatamente anterior ao que se opte.

Para superar a proba cumpre ter unha cualificación mínima de cinco puntos sobre dez en cada un dos exercicios. A puntuación definitiva será a media ponderada da cualificación obtida nos dous exercicios, cos seguintes porcentaxes: 70% o exercicio A e 30 % o exercicio B.

OBSERVACIÓNS

- Para a realización do exercicio A da proba naquelas obras que así o requiran, os aspirantes deberán aportar os seus músicos acompañantes.
- Os aspirantes deberán presentarse con partituras orixinais e provistos do DNI e do resguardo da inscrición.
- Os alumnos deberán aportar as partituras orixinais para a súa interpretación perante o tribunal e dúas copias das mesmas, así como un listado por escrito do repertorio a interpretar.





- Os exercicios teóricos por escrito do resto das materias terán lugar ao día seguinte da proba práctica
- Para a realización das probas escritas, os alumnos deben traer bolígrafo, lápis e goma.
- Os alumnos deberán interpretar as pasaxes orquestais para a materia de orquestra, dispoñibles na web do centro, no apartado “Acceso”, “Acceso a outros cursos”, “exemplos de exames” para descargalas)
- As materias de conxunto e música de cámara serán avaliadas na proba de violín , segundo a interpretación do alumno có pianista acompañante.
- Para o acceso aos cursos 2º a 6º G. P,o alumnado deberá realizar a proba de linguaxe musical (debe consultarse a programación correspondente ao cursos 1º,ou 2º de ser o caso)
- Para o acceso a 4º, 5º e 6º de G. P,os alumnos deberán realizar a proba de piano complementario (debe consultarse a programación correspondente aos cursos 3º, 4º e 5º respectivamente)
- Para o acceso a 5º e 6º os alumnos deberán facer por escrito as probas de armonía, historia da música e novas tecnoloxías (deben consultarse as programacións correspondentes de 4º e de 5º respectivamente)
- Para o acceso a 6º os alumnos deberán facer por escrito a proba de análise (debe consultarse a programación correspondente do 5º curso)

CRITERIOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Os seguintes criterios de avaliación aplicaranse a cada unha das obras ou estudos que compoñen as probas de acceso.

1. Colocación corporal:

Este criterio permite valorar a posición corporal do alumno, a súa capacidade psicomotriz, a correcta colocación do instrumento e de ambas mans; o equilibrio postural e a relación axeitada entre tensión e distensión muscular.

2. Técnica do instrumento:

Este criterio permite valorar o grao de dominio técnico do alumno e a correcta utilización das posibilidades do seu instrumento.

a) Técnica do arco: golpes de arco; cambios de corda; dobres cordas; acordes; diferentes articulacións; etc.

b) Técnica da man esquerda: afinación; articulación; cambios de posición; vibrato; ornamentación; dobres cordas; etc.

3. Técnica xeral:





Este criterio permite valorar os recursos do alumno para interpretar con corrección unha partitura e o seu grao de asimilación: memoria; calidade do son; afinación; concentración; etc.

4. Musicalidade e interpretación:

Este criterio permite valorar a comprensión que ten o alumno da obra así como a súa capacidade apra expresar a través do seu instrumento: tempo; fraseo; matices, etc.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

1. Colocación corporal: 20%
2. Técnica do instrumento: 35%
3. Técnica xeral: 20%
4. Musicalidade e interpretación: 25%

Lexislación aplicable: Orde do 28 de xullo de 2008 pola que se regulan as probas de acceso ás ensinanzas profesionais de música. Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música. Circular 15/2011 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional

8.4 Criterios para a obtención dos premios fin de grao

Segundo a Orde do 10 de marzo de 2009, polo que se regula o procedemento para a obtención de matrícula de honor e premio de fin de grao para as ensinanzas de música e danza, o premio fin de grao concederáse ao alumnado que cumpla os dous seguintes requisitos:

- Rematar os estudos profesionais de música cunha cualificación media de 8, polo menos, no último curso.
- Superar a proba anual correspondente ao final do curso, que deberá ser de carácter práctico e será valorada por un tribunal constituído para tal fin.

Os criterios valorativos para a obtención do premio fin de grao establecidos pola Comisión de Coordinación Pedagóxica do centro son comúns para todas as especialidades, pódense consultar no centro ou na súa páxina web.

Bibliografía para o uso do alumnado.

- Fischer, Simon: Basics and Practice.
- Galamian, Ivan: Principles of violin playing and teaching.
 - Flesch, Carl: The art of violin playing.
 - Flesch, Carl: Los problemas del sonido en el violín. Real Musical.





- Hoppenot, Dominique: El violin interior.
- Coso, Jose Antonio: Tocar un instrumento.
- Sardá Rico, Esther: En forma. Ejercicios para músicos.
- Nelson, Sheila: The Violin and Viola. History, structure, techniques.
- Menuhin, Y. and Primrose, W.: Violin and Viola.
- Riley, Maurice: The History of the viola. Vol. I , II.
- Barrett, Henry: The Viola. Complete guide for teachers and students.
- Barbacci, R.: Educación de la memoria musical. Ricordi.
- Dart, Thurston: La interpretación musical.

